

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 28 de novembro de 2005**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D. José Manuel Figueroa Vila  
D<sup>a</sup>. Lucia Molares Pérez  
D. José Manuel Iglesias Carrera  
D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D. Javier Jorge Guerra Fernández  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. Carlos Comesaña Abalde  
D. Antonio Coello Bufill  
D<sup>a</sup>. Marta Iglesias Bueno

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e dezasete minutos do día vinte e oito de novembro de dous mil cinco e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1582).-ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión 14 de novembro de 2005. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

**2(1583).-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A INTERMON OXFAM COMO AXUDA AOS DAMNIFICADOS POLA CATÁSTROFES NATURAIS DE CENTROAMÉRICA E CACHEMIRA. EXPTE. 2579/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 21.11.05, dáse conta do informe proposta do técnico de Administración Xeral, do 26.10.05, conformado polo concelleiro da Área de Xestión Municipal e o Interventor Xeral, que di o seguinte:

*De conformidade coa Memoria xunta no expediente, e recollendo unha solicitude feita no seu día polo Partido Galeguista (Pleno da Corporación de 14 de xaneiro de 2005), faise constar que, vistas as especiais circunstancias que concorren nas catástrofes humanas que se describen, axústase ás condicións para a concesión de subvención con fins humanitarios.*

*Por isto, e seguindo instrucións da Alcaldía-Presidencia, proponse unha axuda por unha contía de 50.000 euros, con destino ós damnificados polas catástrofes naturais de Centroamérica e Cachemira, por medio da Fundación Intermón Oxfam, de recoñecida experiencia nestas labores.*

*Existe creto suficiente na partida de Alcaldía 111.0.489.00.03 (Axudas Internacionais Humanitarias) do orzamento vixente.*

*Por todo o exposto e previo o oportuno informe da oficina de Intervención, proponse á Xunta Local de Goberno a adopción do acordo seguinte:*

*“Conceder á Fundación INTERMON OXFAM, unha subvención por un importe de 50.000 euros, con cargo á partida 111.0.489.00.03 (Axudas Internacionais Humanitarias) do orzamento vixente, e isto con destino ós damnificados polas catástrofes naturais de Centroamérica e Cachemira”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local, visto o precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Conceder á Fundación INTERMON OXFAM, unha subvención por un importe de 50.000 euros, con cargo á partida 111.0.489.00.03 (Axudas Internacionais Humanitarias) do orzamento vixente, e isto con destino ós damnificados polas catástrofes naturais de Centroamérica e Cachemira.

2º.- O órgano xestor da achega requirirá dos responsbles no noso país de INTERMON OXFAM a quen se efectúe o pagamento que xustifiquen a aplicación do gasto nos países de destino.

#### **3(1584).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: EXPTE. 13/1346, 13/280, 1/1460.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes proposta do xefe do sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D<sup>a</sup>. Carmen García Almeda. Expte. 13/1346.
- D<sup>a</sup>. Lucinda Dacosta Veiga. Expte. 13/280.
- D<sup>a</sup>. Rosa Martínez Barbosa. Expte. 1/1460.

**4(1585).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE ACOLLIDA E INTEGRACIÓN DE PERSOAS INMIGRANTES. EXPTE. 13050/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa de sección de planificación de Servizos Sociais, do 2.11.05, conformado polo xefe de sector de Acción Social, pola delegada de Área de Participación Cidadá, polo asesor xurídico da Área e polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o Convenio de colaboración, que consta no expediente, entre a Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para o desenvolvemento de actuacións de acollida e integración das persoas inmigrantes, cunha aportación autonómica de 90.000 euros.

**5(1586).-CONVENIO DE COLABORACIÓN CON CAIXA GALICIA PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA “BOA MAN” DE DIFUSIÓN DE PRODUCTOS ARTESANAIS REALIZADOS POR PERSOAS CON DISCAPACIDADE. EXPTE. 13047/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico da técnica de Benestar Social, do 08.11.05, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá, polo asesor xurídico da Área e polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Ratificar o texto do convenio subscrito entre a Caixa de Aforros de Galicia e o Concello de Vigo para a realización do programa DE BOA MAN.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE CAIXA GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAI.*

*En Vigo a 26 de maio de dos mil cinco*

*REUNIDOS*

*De unha parte, Excma. Sra. Corina Porro Martínez, Alcaldesa do Concello de Vigo, que comparece en nome e representación deste.*

*De outra parte, D. José Luis Alvarez Naveiro, Director Xeral Adxunto de Relacions Institucionais de Caixa de Aforros de Galicia, (no sucesivo, Caixa Galicia) actuando en nome e representación da mesma no ámbito da súa Obra Benéfico – Social, a cal tén o seu domicilio na cidade de A Coruña, nos números 30 e 32 da Rúa Nova;*

estando inscrita no Rexistro Especial de Caixas Populares de Aforros do Banco de España co número 130, no Rexistro de Caixas de Aforros Galegas da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia no libro cuxa rúbrica é “Caja de Ahorros de Galicia”, e no censo de Entidades Xurídicas do Ministerio de Economía e Facenda con CIF G- 15028947.

Ámbolos comparecentes recoñécense recíprocamente capacidade para o presente outorgamento e

#### EXPOÑEN

- I. O CONCELLO DE VIGO ven desenrolando unha intensa labor no ámbito sociocultural, que concretase na realización de actividades para a consecución de fins frecuentemente coincidentes cos fins que debe cumprir a Obra Benéfico Social de Caixa Galicia.
- II. CAIXA GALICIA, de acordo co disposto polo ordenamento xurídico, realiza a actividade correspondente ó ámbito das súa obra benéfico-social inherente á súa mesma natureza, por medio de obras benéfico-sociais concretas, propias o en colaboración, entre as que está a obra propia denominada “Socialia”, un de cuxos obxetivos é fomenta-la cohesión social a través do apoio a entidades e institucións que realicen accións dirixidas á consecución de fins susceptibles de ser encadrados nos destinos indicados á Obra Benéfico-Social no Decreto Lexislativo, 1/2005, de 10 de Marzo, polo que se aproba o texto refundido das leis 7/1985, de 17 de xullo, e 4/1996, de 31 de maio, de Caixa de Aforros de Galicia, no Decreto do Consello da Xunta de Galicia 361/1999, de 17 de setembro, e, actualmente, tamén no convenio asinado o 11 de xaneiro de 2005 coa Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.
- III. O CONCELLO DE VIGO solicitou a colaboración de CAIXA GALICIA para a realización das actividades de carácter social expresadas no ANEXO I, o cal se une ó presente convenio de colaboración co carácter de parte integrante do mesmo.
- IV. A Comisión Delegada de Obra Social de CAIXA GALICIA, na súa reunión do 19 de maio de 2005, aprobou dita solicitude do CONCELLO DE VIGO e autorizou unha aportación de DOCE MIL EUROS (12.000 ).

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

#### ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- CAIXA GALICIA e o CONCELLO DE VIGO establecen unha relación de colaboración para a realización das actividades de carácter social que se indican no ANEXO 1, durante o ano 2005.

SEGUNDA.- CAIXA GALICIA colaborará na realización das actividades ás que se refire a estipulación anterior cunha dotación económica total de 12.000 euros ( doce mil euros ).

TERCEIRA.- O CONCELLO DE VIGO organizará e realizará directamente, asumindo polo tanto as seguintes responsabilidades, as actividades expresadas no ANEXO 1 do presente convenio e, ó remate das mesmas, presentará a Caixa Galicia unha memoria documental e gráfica sobre éstas, que proporcione información suficiente sobre a efectiva execución de ditas actividades, a cal incluírá material divulgativo editado, número de asistentes ou beneficiarios das actuacións, publicidade realizada, resúmenes de prensa e outras informacións que poidan resultar de interese.

CUARTA.- Forma de pago:

- ✓ Un total de 6000 euros ( o 50% do importe total ) á sinatura do presente convenio de colaboración.
- ✓ O 50% restante ( 6000 euros ) á presentación por parte do CONCELLO DE VIGO da memoria especificada na devandita estipulación.

QUINTA.- A pedimento de calquera das partes, no prazo de 15 días, constituirase unha Comisión de Seguimento de carácter paritario, integrada por dúas persoas nomeadas polo CONCELLO DE VIGO e outras dúas nomeadas por Caixa Galicia. Dita Comisión terá a función de esclarece-las dúbidas e controversias que poidan surxir na execución do presente convenio.

SEXTA.- O CONCELLO DE VIGO comprométese a:

1. Organizar e realizar directamente as actividades expresadas no ANEXO 1 de acordo coa normativa que lles sexa de aplicación.
2. Remitir, alomenos con 1 mes de antelación, as probas de impresión das edicións que se realicen no marco deste convenio, así como todo o material divulgativo e invitacións para os actos, para a súa supervisión previa por Caixa Galicia.
3. Difundi-las actividades que se organicen e realicen na execución do presente convenio.

SÉTIMA.- O nome e o anagrama de ámbalas dúas entidades figurarán de forma visible e destacada ocupando ámbalas dúas un espacio similar, en tódalas actividades que se realicen na execución do presente convenio, así como nos medios que se empreguen para a difusión publicitaria.

OITAVA.- CAIXA GALICIA limita exclusivamente a súa colaboración ó abono da cantidade expresada na estipulación segunda e baixo ningún concepto poderá quedar vinculada a responsabilidade de ningún tipo que poidera derivarse de calquera das actividades que se realicen, obrigándose o CONCELLO DE VIGO a cubrir as citadas responsabilidades.

NOVENA.- Serán causas para a resolución do presente convenio, a instancia de unha das partes, o incumprimento total ou parcial pola outra parte das obrigas asumidas por ela en virtude do mesmo e o falseamento ou ocultación, tamén pola outra parte, de datos relativos á execución das accións previstas. No caso de resolución, CAIXA GALICIA terá dereito á devolución do importe dos pagamentos anticipados cando non se xustifiquen coas facturas correspondentes dos respectivos gastos realizados.

DÉCIMA.- A vixencia do presente convenio será desde o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2005.

Os comparecentes, no concepto no que o fan, dan a súa conformidade ó presente convenio de colaboración, asinándoo por duplicado en proba da mesma no lugar e data expresada no seu encabezamento.

**6(1587).-AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS (AMES) E COMEDOR 2005-2006:  
RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS, LISTA DE ESPERA E MODALIDADE  
EXCEPCIONAL. EXPTE. 13098/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe de sector de Acción Social, do 22.11.05, conformado pola delegada de Área de Participación Cidadá, pola traballadora social e polo Interventor Xeral, en relación coa resolución de reclamacións ás AMES, a lista de espera de comedor e a concesión de axudas de libros e comedor con carácter excepcional, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Reclamacións:

- a) Estimar as reclamacións presentadas ata o 16 de novembro de 2005 así como as súas cuantías de libros e comedor dos solicitantes que se achegan no listado adxunto Anexo I-A que comenza por Agreda Velasquez, Mercedes e remata por Viola Izuibejeres, Dinorah, con efecto dende 1 de novembro. Sendo o importe total das axudas de libros 1.888,00 € y de comedor 1.269,00 €/mes.
- b) Desestimar as reclamacións presentadas por seguir incumprindo algúns dos requisitos da cláusula VI das Bases que se achegan no listado adxunto Anexo I-B, que comeza por Álvarez Conde, Ana Isabel e remata por Sueiro Alea, Olga.

2º.- Lista de espera:

Aprobar as axudas de comedor así como a cantidade das mesmas aos solicitantes que se atopaban na lista de espera desde 6,50 puntos ata 3,50. Achégase o listado de alumnos Anexo II que comeza por Abalde Santos, Cristian, con 6,50 puntos e remata por Villabón Cardona, Yeraldine, con 3,50 puntos, con efecto dende 1 de novembro, sendo o importe de 4.993,00 €/mes

3º.- Modalidade excepcional:

- a) Aprobar as Axudas Municipais de libros e comedor así como os importes das mesmas, correspondentes a MODALIDADE EXCEPCIONAL (segundo a cláusula decimo terceira, das Bases aprobadas na XGL do 4/4/2005) presentadas no Rexistro Xeral ata o 16 de novembro que se achega no listado adxunto Anexo III-A que escomeza por Agreda Ribera, M<sup>a</sup> Antonia e remata por Veiga Lago, Mónica, con efecto dende o 1 de novembro. Sendo o importe total das axudas de libros de 1.920,00 € e de comedor 1.960,00 €/mes.
- b) Denegar as axudas de libros e comedor da MODALIDADE EXCEPCIONAL presentadas no Rexistro Xeral ata o 16 de novembro que se achegan no listado adxunto Anexo III-B.

4º.- Solicítase rexerva de crédito por un importe de 8.000 € con cargo á partida 3130.481.0000 para facer fronte ao pago de axudas de comedor do último trimestre do ano 2005 que se atopaban en lista de espera. Dado a grautidade dos libros de texto de 1º, 2º e 5º de primaria implantada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, anulouse por este Departamento as axudas destinadas para estes cursos na Xunta de Goberno local de 10.10.05.

**7(1588).-MEMORIA DAS XORNADAS DE FILOSOFÍA “A REALIDADE HUMANA: A PROBLEMÁTICA ACTUAL DA PERSOA” REALIZADAS POLA ASOCIACIÓN CULTURAL ATLETHEIA. EXPTE. 9233/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do xefe de departamento de Cultura, do 16.11.05, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de xuño de 2005, adoptou o seguinte acordo:*

- *Aprobar o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Aletheia, CIF G36659258, para a organización dunhas Xornadas de Filosofía programadas pola Concellería de Cultura baixo o título “A Realidade Humana: problemática actual da persoa”, que se realizarán do 18 ó 21 de outubro de 2005 en Vigo.*
- *Autorizar un gasto a favor da A.C. Aletheia de 12.000 € (doce mil euros), con cargo á partida 4510.226.06.00 “Foros culturais”, en concepto de compensación pola organización das xornadas.*

*O convenio asinado establece na cláusula novena que o Concello de Vigo aboaralle á A.C. Aletheia o importe de 12.000 € por transferencia bancaria á conta nº 0468/0040105822 que a citada entidade ten aberta na oficina da praza da Independencia de Caixanova, a nome de Grupo Aletetheia; despois da aprobación da memoria-avaliación pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.*

*Na cláusula quinta d) tamén se establece que A. C. Aletheia presentará no Concello de Vigo unha memoria-avaliación do programa obxecto deste convenio, dentro dos 10 días seguintes á súa finalización. Como mínimo, a memoria incluírá os datos de participación, os detalles do desenvolvemento das actividades, a memoria de prensa e medios de comunicación, un rexistro fotográfico ou audiovisual, o balance económico con detalle de gastos e ingresos.* ”

*As Xornadas de filosofía “A realidade humana: problemática actual da persoa” foron realizadas de acordo co establecido no convenio asinado, a A. C. Aletheia cumpríu os compromisos establecidos no convenio asinado e presentou a memoria que inclúe os datos requeridos. A memoria presentada aporta facturas e xustificantes de gastos por importe de 16.042 €; e documentos orixinais por importe de 12.051,85 €. Polo exposto procede o pagamento dos 12.000 €, previstos no convenio.*

*A vista do exposto, coa conformidade do Concelleiro-delegado de Asuntos Sociais, faise a seguinte proposta á Xunta de Goberno:*

*“Que se aprobe a memoria das Xornadas de Filosofía “A realidade Humana: a problemática actual da persoa” realizadas do 18 ó 21 de outubro de 2005, pola Asociación Cultural Aletheia, CIF G36659258 de acordo co establecido no convenio asinado e o acordo da Xunta de Goberno Local do 27 de xuño de 2005; polo que procede o pagamento de 12.000 € (doce mil euros).”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a memoria das Xornadas de Filosofía “A realidade Humana: a problemática actual da persoa” realizadas do 18 ó 21 de outubro de 2005, pola Asociación Cultural Aletheia, CIF G36659258 de acordo co establecido no convenio asinado e o acordo da Xunta de Goberno Local do 27 de xuño de 2005; polo que procede o pagamento de 12.000 € (doce mil euros).

#### **8(1589).-SOLICITUDE DA AGRUPACIÓN VIGUESA DE ATLETISMO DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR O V CROSS ESCOLAR MEMORIAL ANDRÉS ABANQUEIRO-BOCATERÍA PAPO’S-DEPORTES ATLETIC’S, O 11.12.05 NO PARQUE DE CASTRELOS. EXPTE. 5750/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director deportivo do IMD, do 22.11.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Agrupación Viguesa de Atletismo a organizar o vindeiro día 11 de decembro de 2005 a proba deportiva denominada V Cross escolar Memorial Andrés Abanqueiro – Bocatería Papo’s - Deportes Athletic’s, que se desenvolvera no Parque de Castrelos entre as 09:00 h. e as 14:00 h.

#### **9(1590).-SOLICITUDE DA A.VV. CABRAL DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO XXIV MARATÓN POPULAR DE CABRAL O DÍA 4.12.05 POR DIVERSAS RÚAS DE CABRAL. EXPTE. 5763/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director deportivo do IMD, do 22.11.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a A.VV. de Cabral a desenvolver o vindeiro día 4 de decembro de 2005 a proba deportiva denominada “XXIV Maratón Popular de Cabral” por diferentes rúas do barrio de Cabral, con saída e chegada dende o local social da A.VV. na rúa Avda. Santa Mariña, 95 e descenderá polas rúas seguintes: Becerreira, cruce do Narxo, camiño. do Xalón, rúa Mestre Alfredo, avda. Santa Mariña, Remesil, camiño. do Souto, a partir das 10:00 h.



**10(1591).-INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 94.271,99 € A FAVOR DE CESPA S.A. EN CONCEPTO DOS TRABALLOS DE RENOVACIÓN DO CÉSPEDA DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS. EXPTE. 5623/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral do 17.11.05, dáse conta do informe proposta do director deportivo do IMD, do 02.11.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

*Na orde de servizo de data 20/10/2005 a concelleira delegada da Area de Promoción Económica e Desenvolvemento Local ordena a iniciación de expediente para atender o pagamento desta obriga, realizada no seu momento sen a cobertura de crédito obrigatoria, e sen o procedemento legal ao efecto. En cumprimento do disposto na dita orde, procedo a informar sobre a mesma, consonte cos preceptos establecidos na Instrucción 1/2000 aprobada polo Pleno Municipal o día 20 de maio de 2000.*

*Este gasto xerouse no mes de maio do ano 2004, debido á imperiosa necesidade de rexenerar o terreo de xogo do Estadio Municipal de Balaídos por mor da mala situación do mesmo e a imposibilidade de que o R.C. Celta de Vigo, SAD, usuario da instalación, puidera iniciar a tempada futbolística cun céspede nunhas condicións adecuadas para a práctica do fútbol.*

*Así, produciuse un incumprimento dos procedementos xurídico administrativos correspondentes, pero hai que entender o feito de que se fixo así dada importancia de dar solución á situación creada co lamentable estado do céspede do Estadio Municipal de Balaídos, e o inminente inicio da tempada futbolística 2004-2005.*

*Neste momento, e tras o Acordo do Pleno da Corporación de data 12/09/2005, existe crédito adecuado e suficiente na partida 4521.210.00.00 “mantemento campo de xogo de Balaídos” do orzamento de gastos para 2005.*

*A prestación realizada supón un gasto de 94.271,99 € recollido na factura nº 05VG00118 que se xunta, e está dentro dos prezos de mercado, non supoñendo o seu pagamento un menoscabo económico á facenda municipal.*

*O expediente é informado pola Asesoría Xurídica con data 26/10/2005, no senso da procedencia de declarar a nulidade do acto, xa que as actuacións que se desprenden do expediente foron levadas a cabo con graves omisións procedimentais e sen cobertura orzamentaria.*

*Asemade, coa conformidade á factura queda acreditada a realización dos traballos de renovación do céspede do Estadio Municipal de Balaídos.*

*Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*1.- Declarar nula de pleno dereito a prestación realizada pola empresa CESPA, S.A., consistente na execución dos traballos de renovación do céspede do Estadio Municipal de Balaídos, por importe de 94.271,99 €.*

*2.- Recoñecer a obriga a favor da empresa CESPA, S.A., co CIF nº A-82741067.*

*3.- Acordar unha indemnización substitutiva, a favor de CESPA, S.A., por importe de 94.271,99 €, segundo se acredita coa factura nº 05VG00118 que se xunta. Este gasto imputarase á partida 4521 210.00.00 “mantemento do campo de xogo de Balaídos”.*

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(1592).-AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DO CONCERTO DE NADAL 2006, O DÍA 30.12.05 NO CENTRO CULTURAL CAIXANOVA. EXPTE. 1681/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 14.11.05, conformado polo concelleiro de Festas e polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a celebración do tradicional CONCERTO DE NADAL o día 30 de decembro de 2005 ás 20,30 horas no Centro Cultural Caixanova organizado pola Concellería de Festas e Animación Sociocultural.

2º.- Autorizar os gastos detallados de seguido con cargo á partida 451.2.227.06.02 (actividades culturais diversas) do programa presupostario da Concellería de Festas e Animación Sociocultural do vixente exercicio económico:

- ✓ 510,86 € a favor do “Real Club Náutico de Vigo” con CIF.: G-36612752 en concepto da actuación no Concerto de Nadal o día 30 de decembro no auditorio Caixanova.
- ✓ 480,81 € a favor do “Centro Veciñal e Cultural de Valladares” con CIF.: G-36805158 en concepto da actuación no Concerto de Nadal o día 30 de decembro no auditorio Caixanova.
- ✓ 1.322 € a favor da “Unión Musical de Valladares” con CIF.: G-36639110 en concepto da actuación no Concerto de Nadal o día 30 de decembro no auditorio Caixanova.
- ✓ 134,20 a favor da Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE) con CiF: G-28029643 en concepto de pagamento dos dereitos de autor correspondienets ó Concerto de Nadal.
- ✓ 480 € a favor de Valle Fragoso, S.L. CIF.: B-36.686.533 en concepto decoración floral escenario Concerto de Nadal.

3º.- Que os citados pagamentos se realicen a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

### **12(1593).-XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.**

Examinados os xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTG.	S/FAV.
ALONSO ALVAREZ AVELINO	0528215	191,81	191,81		
BARROS LORENZO MARIA	0548274	900,00	900,00		

INMACULADA					
DIAZ DE L RIO FERY ARSENIO	0545880	13,36	17,25		
“	0545881	18,33	00,00	14,14	
NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTG.	S/FAV.
EGEA TORRON PILAR	0549182	571,44	527,49	43,95	
“	0549181	18,33	18,33		
ESPADARECAREY LUIS	0532351	1.000,00	586,93	412,07	
“	0532352	1.000,00	556,88	442,12	
“	0544858	5.425,82	5.425,82		
FERNANDEZ CARPINTERO EZEQUIEL	0526233	300,00	313,47		13,47
GOMEZ GARCIA MARIA CRISTINA	0535199	300,00	232,63	67,37	
GOMEZ JANEIRO MARIA	0537402	867,04	807,17	59,87	
GOMEZ OURO BEATRIZ	0531164	1.027,80	831,00	196,80	
GONZALEZ CARNERO JUAN RAMON	0548506	96,00	96,00		
LAGO CARRERA ROCIO	0548640	113,89	113,89		
“	0548641	350,00	338,78	11,22	
LOPEZ MOURE JESUS	0546561	3.480,00	3.480,00		
“	0549620	30.102,00	30.102,00		
MAGDALENA VILA MARIA JESUS	0549623	600,00	533,99	66,01	
“	0549624	209,45	209,45		
“	0549622	600,00	600,00		
OTERO ARAUJO GERARDO CARLOS	0546518	95,00	95,00		
RIESGO BOLUDA JOSE	0546519	42,64	42,64		
SANCHEZ BARREIRO CARMEN	0549200	571,44	576,24		4,80
“	0549204	18,33	18,33		
SANLUIS COSTAS AVELINO	0527050	2.000,00	731,73	1.268,27	
“	0539593	3.600,00	3.850,29		250,29
“	0537413	4.000,00	3.972,83	27,17	
SANROMAN VARELA MARIA JESUS	0527338	5.000,00	4.545,45	454,55	
VIEITES ALEN JOSE MANUEL	0540527	6.000,00	5.939,18	60,82	
TOTAL			65.654,58		

**13(1594).-INCORPORACIÓN AO CONTRATO DA REDE SEMAFÓRICA DO MANTEMENTO DOS SISTEMAS DE CONTROL E REGULACIÓN DE TRÁFICO NA AMPLIACIÓN DO TÚNEL DO AREAL. EXPTE. 70455/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 18.11.05, conformado polo Interventor Xeral, que di o seguinte:

*O Pleno do Concello, en sesión ordinaria do día 28 de abril de 2003, adoptou o acordo de adxudicar o concurso para a contratación do Servizo de Ampliación, Substitución, Mantemento, Conservación, Reparación,*

Subministro, Instalación e Explotación das instalacións de regulación, control e información do tráfico de vehículos e circulación de peóns do Concello de Vigo á unión temporal de empresas formada por ESYCSA (80%) e ETRA (20%), en base aos pregos de prescricións administrativas e técnicas dos que no punto 3º, cláusula I, apartado 4º do Prego administrativo establécese que:

“... Así mesmo incorporaránse ao contrato, nos aspectos indicados no número anterior, os mantementos dos equipos e sistemas de tráfico do túnel de Bouzas ... e a prolongación do actual túnel de Beiramar, en ámbolosdous casos ou noutros que nun futuro poidan construírse durante o período concesional, de conformidade coas especificacións de prezos unitarios, conservación e mantemento, que figura no Anexo III do prego de condicións técnicas debidamente actualizados...”

Dado que na actualidade están en servizo os novos túneis:

- Prolongación do túnel de Beiramar (Túnel do Areal)
- Túnel de acceso á Autoestrada AP-9 (Baixo Isaac Peral)
- Paso inferior da Travesía de Vigo (fronte ao “Carrefour”)

e que o mesmo prego de condicións na súa cláusula IV tamén indica que:

“... o prezo do contrato, coas correspondentes actualizacións, incrementarase no seu día coa cantidade correspondente ao mantemento dos túneis de Bouzas, a prolongación de Areal e outros que se poidan construír no seu día durante a vixencia do contrato ...”

a modificación do prezo do contrato de mantemento resultaría segundo o desglose que se indica:

• Prolongación do túnel de Beiramar	141,6167	€/día
• Túnel de acceso á Autoestrada AP-9	113,17757	€/día
• Paso inferior da Travesía de Vigo	17,58	€/día
<hr/>		
TOTAL		272,37427 euros/día

nun total de 99.416,61 € (IVE engadido) para o ano completo e segundo os prezos unitarios aprobados no contrato e revisados coas actualizacións regulamentarias do IPC até a data de hoxe.

En virtude do Acta de entrega polo Consorcio da Zona Franca de Vigo ao Concello de Vigo das obras de “Prolongación del paso inferior del borde marítimo y estructura de conexión con la AP-9 y Sanjurjo Badía en Vigo” e de “Adaptación a la normativa vigente del Túnel de acceso al puerto de Vigo y mejoras en el túnel de Beiramar” executadas conforme aos convenios subscritos no seu día, e que foi asinado pola Excmá Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vigo o 01 de decembro de 2004, do que no seu punto 3º quedou redactado como sigue:

“... el Concello de Vigo procede a recibir dichas obras, asumiendo a partir de este momento la conservación y mantenimiento de las mismas, conforme a lo establecido en los convenios firmados, sin perjuicio del período de garantía establecido en las actas de recepción...”

En data 30 de decembro de 2004, o concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade resolveu de conformidade coa proposta do Enxeñeiro Municipal de Tráfico, o inicio dos traballos de mantemento dos sistemas de control e regulación de tráfico da Prolongación do túnel de Beiramar por un importe de 141,6167 €/día, e do Túnel de acceso á Autoestrada AP-9 por un importe de 113,17757 €/día, a partir do 1 de xaneiro do ano 2005. Tal

resolución foi notificada á empresa concesionaria o 13 de xaneiro de 2005, data a partir da cal estánse a realizar as tarefas referidas cun custo de:

	<i>Prolongación do túnel de Beiramar</i>	<i>Túnel de acceso á Autoestrada AP-9</i>	<i>SUMA MES</i>
<i>Xaneiro (18 días)</i>	<i>141,6167x18=2.549,10€</i>	<i>113,17757x18=2.037,20€</i>	<i>4.586,30€</i>
<i>Febreiro (28días)</i>	<i>141,6167x28=3.965,26€</i>	<i>113,17757x28=3.168,97€</i>	<i>7.134,23€</i>
<i>Marzo (31 días)</i>	<i>141,6167x31=4.390,11€</i>	<i>113,17757x31=3.508,50€</i>	<i>7.898,61€</i>
<i>Abril (30 días)</i>	<i>141,6167x30=4.248,50€</i>	<i>113,17757x30=3.395,32€</i>	<i>7.643,82€</i>
<i>Maio (31 días)</i>	<i>141,6167x31=4.390,11€</i>	<i>113,17757x31=3.508,50€</i>	<i>7.898,61€</i>
<i>Xuño (30 días)</i>	<i>141,6167x30=4.248,50€</i>	<i>113,17757x30=3.395,32€</i>	<i>7.643,82€</i>
<i>Xullo (31 días)</i>	<i>141,6167x31=4.390,11€</i>	<i>113,17757x31=3.508,50€</i>	<i>7.898,61€</i>
<i>Agosto (31 días)</i>	<i>141,6167x31=4.390,11€</i>	<i>113,17757x31=3.508,50€</i>	<i>7.898,61€</i>
<i>Setembro (30 días)</i>	<i>141,6167x30=4.248,50€</i>	<i>113,17757x30=3.395,32€</i>	<i>7.643,82€</i>
<i>Outubro (31 días)</i>	<i>141,6167x31=4.390,11€</i>	<i>113,17757x31=3.508,50€</i>	<i>7.898,61€</i>
<b>TOTAL</b>			<b>74.145,04</b>

En data 1 de xullo de 2005 o paso inferior da travesía de Vigo entra en mantemento por fin do seu período de garantía. Neste caso non se fixeron traballos de mantemento durante o período de garantía.

	<i>Paso inferior da Travesía de Vigo</i>	<i>SUMA MES</i>
<i>Xullo (31 días)</i>	<i>17,58x31</i>	<i>544,98€</i>
<i>Agosto (31 días)</i>	<i>17,58x31</i>	<i>544,98€</i>
<i>Setembro (30 días)</i>	<i>17,58x30</i>	<i>527,40€</i>
<i>Outubro (31 días)</i>	<i>17,58x31</i>	<i>544,98€</i>
<b>TOTAL</b>		<b>2.162,34€</b>

Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

1. Incrementar o importe económico do contrato actual de mantemento da rede semaforica do concello de Vigo existente coa empresa UTE ESYCSA (80%) ETRA (20%), en 99.416,61 € anuais (IVE engadido) co obxecto de prestar servizo aos novos túneis urbanos.
  2. Adscribir o Servizo de Mantemento dos túneis:
    - Prolongación do túnel de Beiramar por 51.690,10 € anuais.
    - Túnel de acceso AP-9 por 41.309,81 € anuais
    - Paso inferior travesía por 6.416,70 € anuais
- á UTE ESYCSA (80%) ETRA (20%) actual adxudicataria do contrato de mantemento da rede semaforica.
3. Convalidar, en base á resolución do Concelleiro-Delegado e posterior notificación á empresa UTE ESYCSA-ETRA, as actuacións efectuadas nas tarefas de mantemento dos túneis referidos a partir da data de

notificación 13 de xaneiro de 2005, e a data de fin de garantía para o paso inferior da travesía de Vigo, e até o 31 de outubro de 2005, valorados segundo o cadro adxunto nun total de 76.307,38 €.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(1595).-CONCESIÓN DE SUBVENCIONES PARA INVESTIMENTOS EN INFRAESTRUCTURAS E EQUIPAMENTO PARA ENTIDADES PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO. EXPTE. 2690/320.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación Cidadá, do 23.11.05, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder, con cargo á partida 4631.780.00.00 do vixente orzamento, as subvencións ás asociación que de seguido se relacionan para o investimento en infraestrutura e equipamentos nos locais a elas adscritos no termo municipal de Vigo e desenvoltos no 2005, por un importe total de cento trinta e oito mil oitenta e tres euros (138.083,00 €):

	<i>CIF</i>	<i>ASOCIACIÓN</i>	<i>PROXECTO</i>	<i>PTOS</i>	<i>CUSTE</i>	<i>IMPORTE</i>
1	G36645885	A.VV Casco Vello	Porta Cristalera	18	2.500 €	1589
2	G36648640	A.VV S. Miguel Oia	Equipamento Sala de Xuntas Bomba Aire Acondicionado Xustitución equipo informático	39	14.159 €	3443
3	G36633618	A.VV Lavadores	Restauración edificio local: portas e pasos de acceso, cenador e terraza.	34	7.438 €	3001
4	G36709004	A.VV Doutor Fleming	Renovación do equipo informático.	10	1.500 €	883
5	G3664325	A.VV "O Carballo" Sárdoma	Instalación Radiadores de baixo consumo calor azul.	23	4.157 €	2030
6	G36641710	A.VV Pontenova- Freixeiro	Mellora das instalacións. Mobiliario, equipo informático.	25	5.000 €	2207
7	G36651073	A.VV de Cabral Santa Mariña	Adquisición bens mobles: cadeiras sen brazos.	27	6.930 €	2384
8	G36729796	A.VV da Feira de Cabral	Dotación Escola Axedrez	11	945 €	661
9	G36658680	Centro Cultural Cabral Becerreira	Mellora no Local e Pistas Deportivas.	45	15.985 €	3973
10	G36648988	A.VV San Xurxo	Instalación pavimento oficinas do local social	35	7.200 €	3090
11	G36655942	A.VV Parada Maceiriña	Ordenador e impresora.	13	2.400 €	1148
12	G36743482	A.VV "A Paz"	Instalación 2 baños.	24	4.175 €	2119

	CIF	ASOCIACIÓN	PROXECTO	PTOS	CUSTE	IMPORTE
13	G36648608	A.VV "Emilio Crespo" Navia	Proxector e soporte, pantalla de video e DVD	15	3.600 €	1324
14	G36644904	A.VV "Rosalía de Castro" da Salgueira	Reforma obradoiro talla madeira.	38	6.400 €	3355
15	G36641355	A.VV "Agarimo" San Xoán Poulo	Auga quente nos camerinos	19	2.400 €	1677
16	G36654184	A.VV "O Freixo"	Acondic. Salon de Actos: Sillas plegables e pintura.	27	2.020 €	1414
17	G36648186	A.VV Camiño Vello de Coia	Ordenador portátil	11	1.300 €	910
18	G36655017	A.VV Fonte do Galo	Ordenadores, armarios, equipo sonido, proyector	40	14.683 €	3531
19	G36623593	A.VV "Monte da Mina" Castrelos	Reparación carpiteria de aluminio e 1 fotocopiadora	42	9.708 €	3708
20	G36648103	AVCD Sampaio	Instalar Sistema Seguridade.	22	1.701 €	1190
22	G36617082	Centro sociocultural Valladares	Equipamento do Centro. Programa informatico	88	10.500 €	7350
23	G36627495	CRAC de Coruxo	Ampliar aula informática: 5 ordenadores crear ciber.	26	4.000 €	2295
24	G36633428	Sociedade cultural Helios de Bembrive	Lavalouzas, fabricante xeo. Sonorización auditorio Merca dunha fotocopiadora	35	12.500 €	3090
25	G36631703	Sociedade Veciñal Nautilus	Adaptación local para sala de informática.	20	3.722 €	1766
26	G36863348	Unión Veciñal Cultural Deportiva de Candeán.	Aire Acondicionado,Cortinas, Telón e acondicionamento salón de actos,	35	6.900 €	3090
27	G36628543	Asociación cultural deportiva "Xestas"	Instalar calefacción 1ª planta, Mobiliario biblioteca e sala.	29	8.092 €	2560
28	G36627941	Asociación Cultural "O Coto"	Equipo Informático. Mobiliario: 2 armarios.	12	1.811 €	1059
29	G36704666	Federación Peñas "El Olivo"	Fotocopiadora-impresora.	19	2.400 €	1500
30	G36791291	Agrup. Centros Deportivos	Reforma do Local.	51	17.275 €	4502
31	G363288646	Asoc. Rede Mulleres contra os malos tratos.	Adquisición Ordenador	10	1.230 €	861
32	G36838464	IND. Implicados no desenvolvemento	Canón de video e pantalla.	10	1.049 €	734
33	G36637890	Club Montañeros Celtas	Instalación mámparas. Armario de Oficina. Compra equipo informático.	17	6.160 €	1501
34	G15374598	CITE. Centro Información traballadores estranxeiros.	Equipo Informático. Oito silas e mesa traballo. Armario de persiana.	13	3.640 €	1148

	CIF	ASOCIACIÓN	PROXECTO	PTOS	CUSTE	IMPORTE
35	G36621290	Casa Andalucía en Vigo	Equipos informáticos.	12	1.957 €	1059
36	G36320288	Asociación Integración Galego-Brasileira	Dotación mobiliario aulas	17	4.000 €	1501
37	G36936086	Asociación xuvenil Foro das Utopias	Ordenador e impresora.	9	1.500 €	795
38	G36819035	Amigos e antigos alumnos Universidade de Vigo	Equipamento: sillas, sillóns, mesas, material informático.	13	1.554 €	900
39	G36633154	Grupo Estudios Condición da Muller: "Alecrin"	Equipo Informático.	12	1.615 €	1059
40	G36708139	Asociación Concepción Arenal	Equipamento aula formación	16	4.072 €	1412
41	G36688992	Asociación Mulleres Cabra "Rosalia de Castro"	Ordenador e complementos.	11	638 €	445
42	G36755254	Asociación Xubilados e Pensionistas "Alfonso Daniel Castelao"	Compra de cadeiras e fundas	14	4.152 €	1236
43	G36801991	Asociación Fundai	2 equipos multimedia.	10	2.489 €	883
44	G15551120	Fundación para a Infancia "Meniños"	Ordenador, proxector Vídeo, Portatil, Sofward Pinnacle.	13	3.187 €	1148
45	G24452435	Fundación Juan Soñador	4 equipos informáticos, 2 impresoras multifunción.	14	2.767 €	1236
46	G36427524	Fundación Igual Arte	Material audiovisual, Equipos informáticos.	15	5.000 €	1324
47	G36685964	Fundación Menela	Adaptación portas dormitorios, armarios vivendas tuteladas.	24	5.196 €	2119
48	G36861078	Fundación Erguete - Integración.	2 Ordenadores multimedia, 1 impresora láser color. Cañón de video.	16	6.500 €	1412
49	G36776920	Asociación Familiares enfermos Alzheimer "AFAGA"	Equipamento básico: mesa, sillas, perchero, armarios.	24	3.033 €	2119
50	G36730059	Asociación Galega Xogadores Anónimos	Forrar tabiques (acústica), formación de baño.	18	4.639 €	1589
51	G36849883	Asociación Autismo Vigo	Ordenador, impresora e escáner.	10	1.646 €	883
52	G36622835	Asociación Persoas Sordas de Vigo	Reformas e equipamento nova sede social	61	15.880 €	5384
53	G36624120	Asociación padres de minusválidos Pontevedra	Servizo Residencia: obras acondicionar piso.	67	41.461 €	5914
54	G36938272	Asociación niños con Hiperactividad y déficit de atención "Anhida"	Ordenador, impresora e fotocopiadora	10	996 €	697
55	G36873511	Asociación Dano Cerebral de Vigo "Alento"	Despachos: 2 mesas, 9 sillas, 1 pizarra, 2 armarios	17	8.183 €	1501



	CIF	ASOCIACIÓN	PROXECTO	PTOS	CUSTE	IMPORTE
56	G36044295	Asociación ayuda alenfermo mental DOA	Adquisición equipamento	22	2.616 €	1831
57	G36870558	Asociación pais de mozos discapacidade intelectual de Vigo "ASPAVI"	Equipamento informático: un ordenador.	10	1.301 €	883
58	G36925691	Asociación enfermidades neuromusculares ASEM	Equipo multifuncional: escáner, copiadoras, impresora, fax.	12	3.090 €	1059
59	G80992555	Asociación grupo de maiores telefónica	Equipo informático: dous ordenadores, impresora	12	1.355 €	948
60	G36634608	Asociación Benéfica Beiramar	3 ordenadores, 1 moble archivador, 1 moble auxiliar.	12	3.000 €	1059
61	G36799351	Asociación Marineros artesanales de Bouzas	Equipamento mobiliario: mobles, mesas, sillas, vitrina.	33	4.726 €	2913
62	G83117374	Fundación Secretariado Gitano	Equipamento: mesas, sillas, mamparas, armarios	15	12.000 €	1324
63	G36614097	Círculo Cultural Mercantil e Industrial de Vigo	Ascensor no edificio social da Ciudad Deportiva	26	35.700 €	2295
64	G36909232	Asociación Comerciantes e Hosteleros VigoVello	Equipo oficina: mesa, silla, ordenador, impresora-fax	9	2.990 €	795
65	G36847861	Asociación comerciantes e Industriales de Travesas	Equipo Oficina: archivador e mobles	9	3.500 €	795
66	G36715118	Asociación Academias e centros formación Pontev.	Equipo Informático: ordenador, fotocopiadora-impresora...	10	3.700 €	883
67	G36614907	Federación empresarios Hosteleria de Pontevedra	1 Tabique modular, 3 armarios, 1 panel divisor, 1 ordenador.	13	2.345 €	1148
68	G36613081	Liceo Marítimo Bouzas	Modernización Instalaciones y Equipos.	38	82.064 €	3355
69	G36852671	Asociación Club do Lume	Mobiliario: mesas e sillas. Equipo Informático	11	3.500 €	971
70	G36820637	Asoc. Galega Amigos do Rocio	Melloras local: aula cursos e banco de alimentos	9	748 €	523
					TOTAL	138.083 €

2º.- Conceder, con cargo á partida 4631.780.00.00 do vixente orzamento, as subvencións ás asociación que de seguido se relacionan para o investimento en infraestrutura e equipamentos nos locais a elas adscritos no termo municipal de Vigo e desenvolto no ano 2005, por un importe total de once mil novecentos dezasete euros (11.917,00 €), condicionando dita concesión a presentar polos interesados a documentación que se sinala:

Bases 5ª.7) Autorización do propietario da execución das obras:

	<i>CIF</i>	<i>ASOCIACIÓN</i>	<i>PROXECTO</i>	<i>PTOS</i>	<i>CUSTE</i>	<i>IMPORTE</i>
71	G36622793	A.VV Cristo da Victoria	Ampliación Perímetro do Local. Ampliación Salón de Actos Reforma Servizo de Cafetería	89	24.482 €	7856

Base 10ª.i): Acreditación do período de vinculación no local por un período de 5 anos:

	<i>CIF</i>	<i>ASOCIACIÓN</i>	<i>PROXECTO</i>	<i>PTOS</i>	<i>CUSTE</i>	<i>IMPORTE</i>
72	G79408852	Médicos Mundo Galicia	Adecuación do Local	32	7.550 €	2825
73	G36844694	Asociación Cidadá para a Prevención da Violencia.	Ampliación e equipamento da oficina	14	4.500 €	1236

3º.- Autorizar ás entidades que se relacionan a realización das obras solicitadas, por considerarse acreditada a súa titularidade como municipal e sendo todas elas obras menores:

<i>Entidade</i>	<i>Obra no local</i>	<i>Investimento</i>
A.VV. Casco Vello	Rúa Oliva, 12 Centro Cívico Casco Vello	Porta cristaleira
CRAC de Cabral	Rúa Becerreira-Cabral	Mellora no local e pistas deportivas
Soc. Cult. Helios - Bembrive	Alameda de Bembrive	Sonorización auditorio
AVV Agarimo-S.Xoan Poulo	Rúa Vista ó Mar, 6	Instalación agua quente nos camerinos
AVCD Sampaio	Rúa Casal da Arriba, 3	Instalar sistema de seguridade
UVCD de Candeán	Rúa Devesa, 25	Aire acondicionado, Cortinas, telon e acondicionamento Salón de actos
Sociedade Veciñal Nautilus	Rúa Sanín, 54	Adaptación local para sala informática
AVV O Freixo	Estrada San Xoan, 264- Valladares	Acondicionamento salón de actos: sillas e pintura.
AVV O Carballo de Sardoma	Praza de Miraflores, 1	Instalación radiadores de baixo consumo calor azul
Agrupación Centros Dep. e Culturais de Vigo	Rúa Ecuador, 34-36	Reforma do local
A.VV. Pardavila-Lavadores	Avda. Ramón Nieto, 118	Restauración edificio local: portas e pasos de acceso, cenador e terraza.
Asociación Persoas Sordas	Rúa Romil, 22-24	Reformas e equipamento nova sede social

4º.- Non conceder subvencións ás entidades que se relacionan, por no ser conformes coas bases 3ª.a) (que sexan persoas xurídicas sen ánimo de lucro debidamente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións a data de presentación da solicitude, e teñan os seus datos actualizados conforme ao previsto polo Regulamento de Participación Cidadá), 3ª.e) (que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais con Concello de Vigo, Facenda Pública e Seguridade Social; 5ª (prazo de presentación das solicitudes);

5ª.7) (nas solicitudes de inversións en infraestruturas, copia cotexada da titularidade do mesmo ou autorización da realización da inversión do propietario cando corresponde a un terceiro), e 10ª.i) (Os bens subvencionados destínanse os fins para os que foi adxudicada a subvención, establecendo un período mínimo de vinculación de anos. O anterior vencellamento deberá ser reflectido nos documentos posteriores que se dicten no tracto xurídico do ben), das bases de subvencións aprobadas en Xunta Local de Goberno de 06.06.05:

<i>Asociación Amigos de Venezuela</i>	<i>Non presentan documentación</i>	<i>Base 3ªe) e 5ª.7)</i>
<i>Estudiantes Galegos para axuda social</i>	<i>Non están inscritos no Rexistro</i>	<i>Base 3ª.a)</i>
<i>Asociación Inmigrantes Paraguayos en Galicia</i>	<i>Non están inscritos no Rexistro</i>	<i>Base 3ª.a)</i>
<i>Fundación Intermón Oxfam</i>	<i>Fóra de Prazo</i>	<i>Base 5ª</i>
<i>Asoc. Centro Cultural Cubano en Galicia</i>	<i>Contrato de arrendamento por menos de 5 anos</i>	<i>Base 10ª.i)</i>

5º.- Ampliar o prazo de xustificación das axudas ata o 31 de marzo do 2006.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(1596).-INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 220.158,62 € A FAVOR DE LINORSA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DA CASA CONSISTORIAL E AMPLIACIÓN DO CONTRATO POR INCLUSIÓN DE NOVAS DEPENDENCIAS. EXPTE. 17402/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral do 11.11.05, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 23.11.05, que di o seguinte:

*O Concello de Vigo, por resolución da Alcaldía de 30 de decembro de 2002, acordou adxudicar o servizo de limpeza da Casa Consistorial e outras dependencias municipais, propias ou arrendadas, a empresa "Limpezas del Noroeste, S.A."- LINORSA-, por un prezo contractual de 957.374,84 euros/ano, e un prazo de dous anos, con posibilidade de prórroga por dous anos mais, mediante acordo expreso do Organo de Contratación.*

*Por este servizo de Patrimonio e Contratación, en data eleborouse informe- prposta, no que se recollía a necesidade de iniciar un expediente de recoñecemento de créditos, por servizos que a empresa está prestando dende o ano 2003, os cales non poderon ser obxecto dun expediente de ampliación de contrato debido a falta de consignación, o importe de ditos servizos ascende a cantidade de 220.158,62 euros, e os mesmos atopanse debidamente facturados pola empresa.*

Así mesmo, no informe de referencia tamense propoñía, acon obxecto de regularizar a situación, a ampliación do contrato polos meses de novembro e decembro.

O expediente de recoñecemento e ampliación do contrato deo servicio de limpeza da Casa Consistorial e demais dependencias propias ou arrendadas, foi informado favorablemente pola Intervención xeral, en data 11 de novembro de 2005.

A vista do informe da Intervención Xeral, proponse a Xunta Local de Goberno do Concello de Vigo, a adopción do seguinte acordo:

- a) Declarar nulo a prestación do servicio realizado pola empresa Linorsa.
- b) Iniciar expediente para proceder a Indemnización Sustitutiva a favor de "Linorsa", por importe de 220.158,62 euros.
- c) Ampliar o contrato de prestación do servicio de Limpeza da Casa Consistorial, e outras dependencias municipais propias ou arrendadas, adxudicadas a empresa Linorsa por Resolución da Alcaldía de 28 de decembro de 2002, dende novembro de 2002, pola inclusión no obxecto do contrato de novas dependencias.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **16(1597).- ABOAMENTO Á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA RÚA ROMIL 20 DE COTA DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO COMO PROPIETARIO DUN BAIXO E LOCAL COMERCIAL EN DITO INMOBLE. EXPTE. 17419/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnico de Administración Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 12.11.05, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar a Comunidade de Propietarios do edificio situado na rúa Romil 20, no cal este Concello é propietario dun baixo e un local comercial, situado en dito inmoble, que representa unha cota de participación conxunta de 16,7%, a cantidade de 340,56 €, correspondente a cotas de participación nos gastos de reparación que se levaron a cabo para correxir as humidades.

#### **17(1598).- VENCEMENTO DE DIVERSAS MARCAS REXISTRADAS PARA O CONCELLO DE VIGO: PROPOSTA DE NON RENOVACIÓN. EXPTE. 886/241.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposto do xefe de negociado do Servizo de Contratación, do 19.10.05, conformado polo concelleiro delegado, a Xunta de Goberno local acorda:

Comunicar á empresa Ungría Patentes y Marcas, SA. a resolución de non renovar as seguintes marcas, toda vez que non son utilizadas polo Concello de Vigo:

Boletín de información municipal del Excmo. Ayuntamiento de Vigo y gráfico en clase 16  
P.T.G. Parque temático de Galicia, en clases 6, 16, 25, 35, 38, 39, 41, 42  
Parque temático Vigo-ocio Vigocio, en clases 6, 25, 35, 38, 39, 42  
P.T.A. Parque temático del Atlántico, en clases 6, 16, 25, 35, 38, 39, 41, 42  
Vigo punto de encuentro, en clases 16 e 38  
Vigo en vivo, en clases 16 e 38  
Días de Vigo, en clases 16 e 38  
Vigo informa, en clases 16 e 38  
Vigo de día, en clases 16 e 38  
Vigo mes a mes, en clases 16 e 38  
Vigo en sensaciones, en clases 16 e 38

### **18(1599).-ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA O MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE PARQUES FORESTAIS. EXPTE. 3058/446.**

#### Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do 13.06.05 acorda aprobar o expediente para a contratación por concurso da prestación do Servizo de mantemento de parques forestais do Concello de Vigo.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local con data 29.09.05 certifica que durante o prazo sinalado no anuncio publicado no DOUE Nº S155 (12.08.05), BOE nº 203 (25.08.05), DOG nº 177 (14.09.05) e no BOP nº 164 (23.08.05) presentáronse as seguintes propostas: 1) SIMCO S.L., 2) ALVAC S.A., 3) Xestión Ambiental de Contratas, 4) Eulen S.A., 5) Redenor S.L. e fora de prazo a oferta de Servizos Medio Ambientais Forsai S.L.

A Mesa de Contratación en sesión do 3.10.05 procedeu á apertura da documentación presentada, admitindo as propostas e pasándoas a informe-proposta do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, que foi emitido enxeñeiro de Montes, Sr. Lage Veiga, con data 9.11.05, proponendo como adxudicataria á empresa SIMCO S.L.

En sesión do 14.11.05 a Mesa de Contratación, á vista do devandito informe, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo interventor xeral.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Simco, S.L. o servizo de mantemento de parques forestais do Concello de Vigo por un importe anual de 276.843,7 euros. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 13.06.2005 e a oferta presentada.

**19(1600).-ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS INFORMÁTICOS PARA A ADMINISTRACIÓN DE TRIBUTOS. EXPTE. 31006/510.**

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do 10.10.05 acorda aprobar o expediente para a contratación por procedemento negociado da subministración de equipos informáticos para o servizo de Administración de Tributos.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local con data 31.10.05 certifica que durante o prazo sinalado no oficio da Oficina de Contratación presentáronse as seguintes propostas: 1) Sistemas de Oficina Rías Baixas S.L., 2) Equipos Electrónicos de Redondela S.L.L. (Telinco).

A Mesa de Contratación en sesión do 2.11.05 procedeu á apertura da documentación presentada, admitindo as propostas e pasándoas a informe-proposta do Servizo de Informática, que foi emitido pola técnico de sistemas e conformado polo xefe do Servizo de Informática, con data 7.11.05, propoñendo como adxudicataria á empresa Telinco.

En sesión do 14.11.05 a Mesa de Contratación, á vista do devandito informe, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo interventor xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Equipos Electrónicos de Redondela, S.L.L.. os lotes 1 e 2 da subministración de equipos informáticos para o servizo de Administración de Tributos por un prezo respectivo de 22.000 euros para o lote 1 e 8.000 euros para o lote 2. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 10.10.2005 e a oferta presentada.

**20(1601).-ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE REPARACIÓN XERAL DE BEIRARRÚAS NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 60/443.**

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do 8.08.05 acorda aprobar o expediente para a contratación do proxecto de reparación xeral de beirarrúas no término municipal de Vigo.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local con data 21.10.05 certifica que durante o prazo sinalado no anuncio publicado no DOG nº 184 (23.09.05) e no BOP nº 184 (23.09.05) presentáronse as seguintes propostas: 1) Construcciones Rey Solla S.L., 2) Sercoysa, Proyectos y Obras S.A., 3) Construcciones Casas Novas S.L., 4) Obras y Construcciones Dios S.A., 5) Movex Vial S.L.

A Mesa de Contratación en sesión do 24.10.05 procedeu á apertura da documentación presentada, admitindo as propostas e pasándoas a informe-proposta da Oficina de supervisión de proxectos e inspección de obras, que foi emitido enxeñeiro técnico, Sr. Muñoz Rama e o coordinador do Área de Servizos Xerais, con data 10.11.05, proponendo como adxudicataria á Sercoysa Proyectos y Obras S.A.

En sesión do 14.11.05 a Mesa de Contratación, á vista do devandito informe, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo interventor xeral.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Sercoysa Galicia, S.A. a execución das obras de reparación de beirarrúas por un importe de 140.000 euros e unha baixa do 19,5% respecto dos prezos unitarios que figuran no proxecto. Todo iso de acordo co proxecto e prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 08.08. 05 e a oferta presentada.

#### **21(1602).-RECLAMACIÓN DE D. CARLOS ANGEL BOQUETE GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 222/243. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 17.11.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e o interventor municipal, que di o seguinte:

##### *Antecedentes:*

*D. Carlos Ángel Boquete González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 15 de xuño de 2004 no que expón que o día 16 de abril de 2004, D. Hugo Boquete conducía o vehículo de súa propiedade, con matrícula PO-6850-BK, e ó estacionar na rúa Serafín Avendaño, á altura do número 18 golpeou contra a base dunha sinalización vertical, causándose danos materiais á roda do vehículo.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Parte do servizo da Policía Local, con data 16/04/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoadas no lugar dos feitos, D. Hugo Boquete relátalles como, mentres facía as maniobras de estacionamento do vehículo, sufriu cortes na roda dereita dianteira, por mor da base posibelmente dunha sinalización vertical existente na calzada.*

- Informe do servizo de Seguridade, con data 29/07/2004, no que manifestan que segundo os arquivos deste Departamento, no lugar do accidente non consta instalación de sinal ningún, estando prohibido o estacionamento en ambas marxes da rúa.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de outubro de 2004.
- Informe do Parque Móbil, de 23/11/2004, comunicando que os prezos contidos no orzamento de Neumáticos Araújo, presentado polo reclamante, por un importe de 87,15 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.
- Informe do servizo de Limpeza, con data 09/12/2004, no que manifestan que nesta rúa efectúase a limpeza todos os días durante a quenda de noite e que non teñen constancia de ter retirado restos de tubos en datas posteriores á do accidente.
- Proba testifical á testemuña proposta polo reclamante, en data 27/04/2005, que confirma os extremos alegados polo Sr. Boquete.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 09/05/2005.

#### *Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos automobilistas nas condicións de seguridade das vías polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos mesmos, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo vehículo e o deficiente funcionamento do servizo público.*



No presente suposto, constátase no expediente a existencia dun ferro, aparentemente de un resto de sinalización vertical, na calzada. O conductor do vehículo, ó realizar a manobra de estacionamento, pisouno e rachou a roda. A xuízo da testemuña, que no momento do accidente atopábase dentro do vehículo danado, o trozo de sinal medía uns 15 ou 20 cms, e desde dentro do coche non era visíbel. Á vista destes datos a informante conclúe que os danos poden vincularse ó funcionamento do servizo público e esta Administración deberá responder dos mesmos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial de don Carlos Ángel Boquete González, e indemnizálo coa cantidade de 87,15 euros”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **22(1603).-RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup> CAROLINA VICENTE RODRÍGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.627/243. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 14.11.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e pola interventora xeral, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Dna. Carolina Vicente Rodríguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 06 de xuño de 2005, polos danos e perdas sufridos por mor dun incendio que se produciu o día 08 de febreiro de 2005 nun terreo de súa propiedade en Candeán (Camiño Cocheiros nº 23), incendio producido durante os traballos de limpeza realizados por persoal do Concello de Vigo.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 08/02/2005, no que os axentes actuantes manifestan que o incendio no terreo da Sra. Vicente produciuse por unha fogueira mal apagada que fora realizada por empregados do servizo de Limpeza deste Concello.*
- *Informe do servizo de Limpeza, de data 11/07/2005, manifestando que as brigadas do servizo de Limpeza realizaban traballos de limpeza no camiño de Cocheiros e fixeron a fogueira que provocou o incendio no terreo da Sra. Vicente.*
- *Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, con data 27/09/2005, no que se valoran os danos ocasionados nas árbores do terreo da Sra. Vicente nun importe de 519,44 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante en data 25/10/2005, que non formula alegacións.*

#### *Fundamentos de dereito:*

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatado polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de limpeza viaria (artigos 25.2.l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local).

No desenvolvemento das actividades propias deste servizo, os operarios municipais causaron danos nunha propiedade de terceiro. Concorren neste suposto todos os presupostos necesarios para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial: un dano na propiedade da Sra. Vicente, cuantificado economicamente polo Servizo de Montes, Parques e Xardíns en 519,44 euros, dano que esta non ten a obriga de soportar, por tratarse dun dano antixurídico, e a produción do dano pode ser vinculada ó funcionamento anormal do servizo de limpeza, non se tratando dun suposto de forza maior.

Dado que existe unha clara relación de causalidade entre os danos á propiedade da Sra. Vicente e o funcionamento do servizo público local, dos danos deberá responder esta Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial de dona Carolina Vicente Rodríguez, e indemnizála coa cantidade de 519,44 euros”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **23(1604).-RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup> ISABEL ALONSO FERNÁNDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 15314/240. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 14.11.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor municipal, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dna. Isabel Alonso Fernández presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 16 de setembro de 2002, polos danos materiais sufridos no vehículo de súa propiedade Opel Corsa matrícula PO-400-BD, cando o día 7 de outubro de 2001, estando estacionado na rúa Brasil, foi atinxido na súa roda traseira por un colector de reciclaxe que, movido por un golpe de vento, desprazouse pola mencionada rúa.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Parte do servizo da Policía Local, con data 07/10/2001, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, comprobaron como o colector de reciclaxe de latas estaba desprazado do seu lugar na rúa, á altura do nº 37, o que ocorrera por mor do vento, segundo informaron dous condutores que estaban no lugar; así mesmo comprobaron que o vehículo da Sra. Alonso presentaba danos na defensa traseira e lateral esquerdo.*
- Informe do servizo da Policía Local, con data 09/11/2002, manifestando que o colector que fora desprazado polo vento era un colector de reciclaxe de latas que se atopaba baleiro.*
- Informe de Técnicas Medioambientales, S.A. con data 24/03/2003.*
- Informes do Parque Móbil, de 23/05/2003 e 27/06/2005, comunicando que os prezos contidos no presuposto de Talleres Cabalcar, S.L., presentado pola reclamante, por un importe de 542,30 euros IVE incluído, son correctos.*
- Proba testifical, con data 03/08/2005, ás testemuñas propostas pola reclamante.*
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 24/08/2005.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatado polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento xurídico encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local), para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como recolectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos.*

Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga a Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

No presente suposto queda acreditado no expediente que a causa eficiente dos danos ó vehículo da Sra. Alonso foi o golpe atinxido por un colector de reciclaxe de latas que se desprazara por mor do vento reinante ese día, apreciándose un claro nexo de causalidade entre os danos e o funcionamento do servizo público local, polo que esta Administración deberá responder dos mesmos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona Isabel Alonso Fernández, e indemnizála coa cantidade de 542,30 euros, correspondente ó valor da reparación do vehículo de súa propiedade”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **24(1605).-RECLAMACIÓN DE D. ANTONIO EDREIRA SÁNCHEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 590/243. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 14.11.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e o interventor municipal, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Antonio Edreira Sánchez, en nome e representación de Mapfre, Mutualidad de Seguros y Reaseguros a prima fija, presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 29 de abril de 2005, no que expón que o día 18 de marzo de 2005 o vehículo de propiedade de Líder Eurinco S.L., con matrícula MA-3194-BN e asegurado pola devandita aseguradora, estando estacionado no parque do Castro, sufriu danos por culpa dunha pedra que fixo saltar a máquina desbrozadora do servizo de Limpeza deste Concello, danos que son valorados en 40,96 euros.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, con data 18/03/2005, no que manifestan que durante as labores de limpeza do parque do Castro, rompeuse de forma involuntaria o cristal do vehículo en cuestión.*
- *Informe do servizo de Limpeza, con data 06/05/2005.*
- *Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, con data 19/05/2005, no que confirman os feitos reclamados, indicando que o accidente se produciu por mor dunha pedra que saíu despedida durante os traballos de limpeza.*

- *Informe do servizo de Parque Móbil, 22/06/2005, manifestando que os prezos contidos na factura nº A/112516 de Cristal Vigo S.A. por un valor de 47,51 euros IVE incluído son correctos.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante en data 20/07/2005, que non formula alegacións.*

#### *Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatado polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de limpeza viaria (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). No desenvolvemente das actividades propias deste servizo, os operarios municipais causaron danos nunha propiedade de terceiro. Concorren neste suposto todos os presupostos necesarios para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial: un dano no vehículo da empresa Líder Eurínco, cuantificado economicamente polo Servizo de Parque Móbil en 47,51 euros, dano que esta non ten a obriga de soportar, por tratarse dun dano antixurídico, e a produción do dano pode ser vinculada ó funcionamento anormal do servizo de limpeza, non se tratando dun suposto de forza maior.*

*Dado que existe unha clara relación de causalidade entre os danos á propiedade da empresa Líder Eurínco e o funcionamento do servizo público local, dos danos deberá responder esta Administración.*

*Os danos causados ó vehículo estaban cubertos pola póliza de seguro subscria coa entidade aseguradora Mapfre, que se fixo cargo do aboamento dos mesmos, segundo consta no finiquito aportado coa reclamación, polo que a indemnización debe corresponderlle a esta.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Antonio Edreira Sánchez, en nome e representación de Mapfre, Mutuality de Seguros y Reaseguros a prima fija, e indemnizála coa cantidade de 47,51 euros”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**25(1606).-RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup> EUGENIA GARRIDO LAGO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 15851/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 17.11.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dna. Eugenia Garrido Lago presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 07 de marzo de 2003, no que expón que o día 29 de decembro de 2002, mentres circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula 0648-BFM, pola avenida Ramón Nieto, á altura do número 27, este foi atinxido por un colector de lixo desprazado polo vento, causándose danos materiais que valora en 698,76 euros.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Dilixencias a prevención da Policía Local, con data 29/12/2002, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Garrido relátalles que ó circular pola avenida Ramón Nieto viuse sorprendida por un colector de lixo desprazado polo vento que golpeou contra o seu vehículo; así mesmo comprobán a existencia de danos no vehículo e unha impresión de cor vermella que podería proceder da banda branca e vermella de sinalización situada nas aristas dos colectores; tamén fan constar que o día dos autos outros colectores foran desprazados por mor do forte vento en outras zonas da cidade.*
- Informe da empresa concesionaria U.T.E. Contenur-Otto, con data 16/09/2003.*
- Informe do Parque Móbil, de 07/10/2003, comunicando que os prezos contidos no presuposto de Talleres Muíños, presentado pola reclamante, por un importe de 698,76 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- Informe do servizo de Limpeza, con data 05/10/2004, no que manifestan non teren referencia dos feitos reclamados*
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 15/11/2004.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatado polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento xurídico encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como recolectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga a Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). No entanto, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local para reclamarlles o parte do servizo correspondente o accidente e ó servizo de limpeza, por se tivesen constancia do mesmo. Porén, aínda que o reclamante manifesta que o dano produciuse ó bater o colector co vehículo, e os axentes da Policía Local manifestan que ese día numerosos colectores foron desprazados polo vento, estes acudiron ó lugar dos feitos, a instancia da Sra. Garrido, con posterioridade ós mesmos, e non presenciaron a presunta colisión, polo que só poden dar fe de que o vehículo presentaba danos e unha impresión de pintura que podería proceder do colector. No servizo de limpeza tampouco teñen constancia do accidente, polo que non é posíbel establecer un nexos de causalidade entre os danos sufridos polo vehículo da reclamante e o servizo público, que permita imputar a esta Administración a responsabilidade dos mesmos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona Eugenia Garrido Lago, por non corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probada a relación de causalidade entre estes e o funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**26(1607).-RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup> CLAUDINA TERESA LORENZO COELLO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 15896/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 17.11.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dna. Claudina Teresa Lorenzo Coello presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de marzo de 2003, no que expón que o día 19 de marzo de 2003, mentres camiñaba pola rúa Purificación Saavedra, á altura do mercado de Teis, tivo unha caída por mor da tapa dun sumidoiro que se atopaba máis alta que o firme da rúa, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Parte do servizo da Policía Local, con data 19/03/2003, no que os axentes actuantes manfiestan que, persoados no lugar dos feitos, Dna. María Montserrat Melón Lorenzo maniféstalles que a Sra. Lorenzo tropezara por mor da focha que facía a tapa do sumidoiro e que fora trasladada ó hospital; así mesmo, comprobán que o desnivel ten uns 10 centímetros.*
- Informe da concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, U.T.E. Aqualia-FCC, con data 12/11/2003.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 2.283,04 euros.*
- Evacúase trámite de audiencia á entidade mercantil Aqualia-FCC, empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, que formula alegacións con data 18/11/2004.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante con data 12/01/2005, que non formula alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*



*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local).*

*Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir. Neste caso, o accidente debeuse non ó defectuoso mantemento das vías públicas senón á existencia na calzada, no paso de peóns, dun sumidoiro, cuxa tapa se atopaba máis alta que o firme da rúa, formando, segundo o informe da Policía Local, un desnivel duns 10 centímetros. A xestión do servizo público de subministro de auga e rede de sumidoiros correspóndlle á empresa Aqualia, en virtude de acordo plenario de 5 de xullo de 1990.*

*A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992).*

*Dado que a Policía Local acudiu ó lugar dos feitos con posterioridade ó momento de ter acontecido a caída, a instancias da filla da reclamante, polo que os axentes actuantes non foron testemuñas presenciais da mesma e aínda que constantan a existencia dunha arqueta en mal estado no lugar, non poden dar fe de que esta fose a causante da caída da Sra. Lorenzo e que os partes de asistencia médica, achegados ó expediente, acreditan que a Sra. Lorenzo sufriu determinados danos, pero non demostran en modo ningún, nin o feito da caída, nin o lugar da mesma; se engadimos que non existen testemuñas presenciais do accidente, podemos concluír afirmando que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación, e non se acredita a pretendida relación de causalidade entre os danos e o funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público deste Concello.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de dona Claudina Teresa Lorenzo Coello por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**27(1608).-RECLAMACIÓN DE D. JESUS BOULLOSA PORTELA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 399/243. RESPONSABLE ELOYMAR/TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 15.11.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*D. Jesús Boullosa Portela presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 08 de novembro de 2004, no que expón que o día 06 de decembro de 2003, mentres camiñaba pola rúa Urzáiz, á altura dos números 37 e 39, esvarou ó pisar unhas madeiras molladas da zona de obras xunto ó paso de peóns, caíndo e producíndose danos de carácter físico polos que reclama unha indemnización de 12.000 euros.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 17/11/2004, no que manifestan que a empresa construtora do aparcadoiro de Urzáiz era Dragados.*
- Informe da empresa construtora Dragados, con data 11/01/2005.*
- Práctica de proba testifical, con data 22/03/2005, ás testemuñas propostas polo reclamante, que confirman os feitos alegados polo Sr. Boullosa.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 3.171,84 euros.*
- Evacúase trámite de audiencia á concesionaria U.T.E. Eloymar / Tranvías eléctricos de Vigo, que formula alegacións con data 08/08/2005.*
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, en data 29/08/2005, que non formula alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar ó perxudicado.*

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial.

Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A caída da Sr. Boullosa, tal e como manifestan as testemuñas presenciais dos feitos, prodúcese ó meter o pé nunha zanja (sen sinalización e situada na beirarrúa) por mor dun esvarón ó pasar enriba dunha táboa habilitada para o tránsito de peóns e situada xunto á gabia. A beirarrúa atopábase en mal estado de conservación, polo que foi preciso habilitar pasos para os peóns, a consecuencia das obras de construción do aparcadoiro subterráneo da rúa Úrzaiz, obras das que era titular a Unión de empresas Tranvías Eléctricos de Vigo S.A – Eloymar S.A, na súa calidade de titular da concesión administrativa para a redacción dos proxectos, construción e explotación do devandito aparcadoiro, en virtude de acordo plenario de data 15 de abril de 1999. No entanto que a concesionaria alega que a zona atopábase profusamente sinalizada, a testemuña declara que faltaba sinalización no momento da caída.

O Prego de condicións administrativas particulares que rexe a concesión administrativa para a redacción dos proxectos, construción e explotación dos aparcadoiros subterráneos para vehículos no subsolo da rúa Úrzaiz e na Praza da Independencia, na cláusula XII.2.c) establece como obriga do concesionario “Responder dos danos e perdas que se ocasionen a terceiras persoas polo concesionario ou polo seu persoal, con ocasión de obras ou traballos obxecto de construción de aparcamento e dos derivados da explotación, ou a propia Administración municipal ...”. Así mesmo, os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de diciembre de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirásese á Administración que otorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Don Jesús Boullosa Portela.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Eloymar / Tranvías eléctricos de Vigo, empresa concesionaria da construción e explotación do aparcadoiro da rúa Urzáiz, de conformidade co establecido na cláusula XII.2.c) do prego de condicións administrativas particulares que rexe a devandita concesión, debendo a dita empresa indemnizar ó reclamante na contía de 3.171,84 euros”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**28(1609).-RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. MARÍA CERVIÑO VAQUERO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 366/243. RESPONSABLE ELOYMAR/TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 15.11.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dna. María Cerviño Vaquero presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 06 de outubro de 2004, no que expón que o día 03 de agosto de 2004, mentres camiñaba pola rúa Urzáiz, confluencia coa rúa República Argentina, perdeu o equilibrio e sufriu unha caída ó pasar sobre uns tablóns de madeira habilitados para o paso de peóns, producíndose diversos danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Parte do servizo da Policía Local, con data 03/08/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoadas no lugar do accidente, unha testemuña ocular do accidente (D. Juan Manuel Álvarez Castro) relátalles que a Sra. Cerviño caera ó tropezar cunhas madeiras que estaban habilitando o paso para peóns das obras que realizaba Dragados para a construción do aparcadoiro de Urzáiz. A reclamante xa fora trasladada a un centro médico para asistila das súas lesións.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 24/01/2005, no que manifestan que a zona se atopaba afectada polas obras de construción do aparcadoiro de Urzáiz e que o devandito servizo xa requerira á empresa executora das obras – U.T.E. Eloymar / Tranvías eléctricos de Vigo – que mellorasen a seguridade da zona.*
- Práctica de proba testifical, con data 30/03/2005, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os feitos alegados pola Sra. Cerviño.*
- Dictame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 5.016,09 euros.*
- Evacuase trámite de audiencia á U.T.E. Eloymar / Tranvías eléctricos de Vigo, que formula alegacións con data 31/08/2005.*
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 26/08/2005.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán derecho a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A caída da Sra. Cerviño, tal e como manifesta a testemuña presencial dos feitos, prodúcese por mor dun tropezón ó pasar enriba dunha chapa habilitada para o tránsito de peóns, que tapaba os buratos deixados pola falta de lousetas na beirarrúa.*

*A beirarrúa atopábase en mal estado de conservación a consecuencia das obras de construción do aparcadoiro subterráneo da rúa Úrzaiz, obras das que era titular a Unión de empresas Tranvías Eléctricos de Vigo S.A – Eloymar S.A, na súa calidade de titular da concesión administrativa para a redacción dos proxectos, construción e explotación do devandito aparcadoiro, en virtude de acordo plenario de data 15 de abril de 1999. No entanto que a concesionaria alega que a zona atopábase profusamente sinalizada, a testemuña declara que faltaba sinalización no momento da caída.*

*Con respecto a valoración dos danos persoais sufridos pola Sra. Cerviño existe unha discrepancia entre o informe médico presentado por ela e o realizado pola Asesoría médica do Concello respecto ás secuelas de agravación de artrosis de pulso e dor de mán por agravación de artrosis, que a xuízo do Dr. Guillén, da Asesoría médica do Concello, trátase da mesma lesión que se está considerando dúas veces. Por outra banda, manifesta que no parte de ingreso na Clínica Fátima refírese movilidad das catro extremidades, hematoma dorso da man esquerda e forza motora conservada, é dicir, non rexistrase ningunha alteración na articulación radio carpiana, polo que estima que non lle restan secuelas funcionais xa que a fractura non xerou alteración funcional. Respecto á limitación do ombreiro esquerdo, considera que unha lesionada de case 90 anos non pode relacionar a posíbel alteración coa caída, xa que nin nos diagnósticos iniciais, nin nos de seguimento fanse constar información médica que reflecta ningunha lesión no mesmo. Pola idade da paciente é máis críbel a presenza de transtorno dexenerativos en dita articulación.*

*O Prego de condicións administrativas particulares que rexe a concesión administrativa para a redacción dos proxectos, construción e explotación dos aparcadoiros subterráneos para vehículos no subsolo da rúa Úrzaiz e na Praza da Independencia, na cláusula XII.2.c) establece como obriga do concesionario “Responder dos danos e perdas que se ocasionen a terceiras persoas polo concesionario ou polo seu persoal, con ocasión de obras ou*

traballos obxecto de construción de aparcamento e dos derivados da explotación, ou a propia Administración municipal ...”.

Así mesmo, os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de diciembre de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludible e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que otorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quén debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dona María Cerviño Vaquero.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Eloymar / Tranvías eléctricos de Vigo, empresa concesionaria da construción e explotación do aparcadoiro da rúa Urzáiz, de conformidade co establecido na cláusula XII.2.c) do prego de condicións administrativas particulares que rexe a devandita concesión, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 5. 016,09 euros”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **29(1610).-RECLAMACIÓN DE D. RICARDO DE LEÓN DE RADA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 15586/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 15.11.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

D. Ricardo de León de Rada presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 19 de decembro de 2002, no que expón que o día 18 de decembro de 2002, circulando pola rúa Policarpo Sanz co vehículo de súa propiedade, matrícula PO-1526-BL, sufriu danos de carácter material por uns valos que estaban caídos na vía pública á altura do número 21.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, con data 18/12/2002, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, comprobaron a presenza dos valos caídos na vía pública, pertencentes á empresa Jazztel.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 13/01/2005, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados nin de que houbera ningunha autorización o licenza para executar obras no lugar dos feitos.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante con data 08/02/2005, que non formula alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local ).*

*Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992).*

Sobre esta base, e á vista do expediente, pode constatarase que a Policía Local acudiu ó lugar dos feitos con posterioridade ó momento de ter acontecido o accidente, polo que os axentes actuantes non foron testemuñas oculares do mesmo e aínda que poden acreditar que o vehículo do Sr. León presentaba determinados danos, e da existencia de valos na calzada a súa chegada, no entanto, non poden dar fe de que a causa do accidente fose a presenza de valos na calzada, posto que descoñecen a ubicación dos mesmos con anterioridade a súa chegada ó lugar do accidente, e non existe ningunha testemuña presencial do mesmo que poda acreditar este extremo. Hemos de concluír, que se ben non existe dúbida de que o reclamante sufriu danos no seu vehículo, pola contra, non existe proba ningunha que permita vincular os mesmos ó funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público desta Administración.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de don Ricardo de León de Rada por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **30(1611).-RECLAMACIÓN DE D. SERGIO LUIS ARAUJO RODRÍGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 14960/240. RESPONSABLE CESPA S.A.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 15.11.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*D. Sergio Luís Araújo Rodríguez, no seu propio nome, e D. Ramiro J. Andrés González, en nome e representación da mercantil Atlantis Seguros, presentan reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de marzo de 2002, polos danos sufridos no vehículo propiedade do Sr. Araújo e asegurado pola devandita compañía, con matrícula PO-3284-BD, ó caerlle enriba unha póla dunha árbore, o día 30 de xaneiro de 2002, estando estacionado na confluencia das rúas López de Neira e Progreso. A entidade mercantil Atlantis Seguros reclama a cantidade de 418,35 euros, correspondente ó importe aboado para a substitución do cristal traseiros do vehículo e o Sr. Araújo a cantidade de 2.695,50 euros, correspondente ó importe satisfeito para a reparación do seu vehículo.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*



- *Parte do servizo da Policía Local, de data 23/01/2002, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, comprobaron como unha póla caída por mor do temporal causara danos no vehículo do Sr. Araújo (portón, cristais, teito, aleta dereita, tapizado e espello retrovisor).*
- *Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de 15/04/2002, que manifesta que “dos danos ocasionados deberá responder a empresa concesionaria Cespa S.A., de acordo co punto 19, apartado C, do prego de Condicións Administrativas de Conservación e Reposición de Zonas Verdes”.*
- *Evacuáase trámite de audiencia á concesionaria Cespa, que formula alegacións en data 26/05/2003, nas que manifesta non se considerar responsábel dos danos porque a caída da árbore debeuse ó forte temporal reinante na cidade o día de autos.*
- *Evacuase trámite de audiencia á reclamante en data 11/08/2005, que non formula alegacións.*
- *Informe do servizo de Parque Móbil, con data 18/10/2005, manifestando que os prezos contidos no informe técnico pericial de Tecniva por un valor de 3.113,85 euros son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*

#### *Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dunha empresa contratista, dado que o dano se produce no marco dun servizo público ou actividade da Administración asumido por un contratista, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar o perxudicado, xa que a responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa contratista.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de parques e xardíns (artigos 25.2.d e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). A Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen. O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión de 28 de decembro de 1998, acordou adxudicar a CESPA, Compañía Española de Servicios Públicos Auxiliares, S.A., o servizo de conservación e reposición de zonas verdes conforme ó prego de condicións técnicas e administrativas, aprobado polo acordo plenario de 3 de*

agosto de 1998, contrato outorgado por un prazo de 4 anos, contado a partir do 1 de xaneiro de 1999, e posteriormente obxecto de prórrogas sucesivas por un ano, contrato que estaba en vigor na data do accidente.

O punto 4.1.1 do Prego de Condicións Técnicas do contrato de conservación e reposición de zonas verdes sinala que o adxudicatario atenderá debidamente en tempo e forma a realización dos labores de tratamento fitosanitario, e segundo a sentenza dictada pola sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso 02/0004044/2000 a labor fitosanitaria engloba dentro das responsabilidades da concesionaria a labor de conservación do arborado en termos xerais e en concreto a súa vixilancia, polo que existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade dos danos que motivan a presente reclamación pode ser imputada a Cespa, na súa calidade de contratista do Concello e encargada da conservación e mantemento das zonas verdes, xa que o accidente se debeu á caída dunha árbore sobre a vía pública, causándolle danos ó vehículo do Sr. Araújo que se atopaba aparcado na mesma.

O artigo 97 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño establece que “Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato” e de acordo co punto 19, apartado C, do prego de Condicións Administrativas de Conservación e Reposición de Zonas Verdes “o adxudicatario está obrigado a responder dos danos e perdas que se orixinen con motivo da execución do servizo, tanto á Administración municipal coma a terceiras persoas”, obriga que so decaería no suposto de que o dano fose producido por causas imputábeis a Administración, consonte o previsto no artigo 161.c do RD Lexislativo 2/2000.

Por todo o anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Sergio Luís Araújo Rodríguez, no seu propio nome e por D. Ramiro J. Andrés González, en nome e representación da mercantil Atlantis Seguros.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a a Cespa S.A., empresa adxudicataria do servizo, de conformidade co establecido nos artigos 97 e 161. c) do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño e no punto 19, apartado C, do prego de Condicións Administrativas de Conservación e Reposición de Zonas Verdes, debendo dita empresa indemnizar ós reclamantes nas seguintes contías: 418, 35 euros á entidade mercantil Atlantis Seguros e 2.695,50 euros ó Sr. Araújo”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **31(1612).-DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:**

a) COVSA, CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS S.A. EXPTEs. DO 959/241 AO 972/241.

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes do interventor xeral e de acordo cos informes proposta do xefe de negociado do Servizo de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

- Devolver a COVSA, construción, obras e vías, S.A., a fianza de 1.691,25 euros, constituída para responder das obras de pavimento da rúa Subida a Puxeiros e aparcamento Cabral, xa

que as obras foron recibidas mediante acta de 24.10.02 por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

- Devolver a COVSA, construcción, obras e vías, S.A., a fianza de 1.549,41 euros, constituída para responder das obras de pavimentación e recollida pluviais no camiño Miragalla, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 30.04.02 por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.
- Devolver a COVSA, construcción, obras e vías, S.A., a fianza de 1.326,56 euros, constituída para responder das obras de reforzo da capa de rodadura en camiños de Vigo, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 10.04.03 por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.
- Devolver a COVSA, construcción, obras e vías, S.A., a fianza de 4.389,94 euros, constituída para responder das obras de mellora da pavimentación do camiño M. Comingues, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 31.01.03 por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.
- Devolver a COVSA, construcción, obras e vías, S.A., a fianza de 1.848,97 euros, constituída para responder das obras de pavimentado do camiño Combro, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 24.10.02 por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.
- Devolver a COVSA, construcción, obras e vías, S.A., a fianza de 4.514,81 euros, constituída para responder das obras de mellora de pavimentado en rúas e camiños, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 10.04.03 por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.
- Devolver a COVSA, construcción, obras e vías, S.A., a fianza de 2.479,17 euros, constituída para responder das obras de mellora de pavimento no Concello de Vigo, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 24.10.02 por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.
- Devolver a COVSA, construcción, obras e vías, S.A., a fianza de 1.613,12 euros, constituída para responder das obras de mellora do pavimento do camiño Chans, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 10.04.03 por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.
- Devolver a COVSA, construcción, obras e vías, S.A., a fianza de 2.392,99 euros, constituída para responder das obras de mellora do pavimento rúa Xulián Estévez, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 10.04.03 por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

- Devolver a COVSA, construción, obras e vías, S.A., a fianza de 1.248,66 euros, constituída para responder das obras de mellora do pavimento camiño de Parada, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 24.05.01 por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.
- Devolver a COVSA, construción, obras e vías, S.A., a fianza de 1.589,08 euros, constituída para responder das obras de mellora do pavimento camiño Rabadeira, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 24.10.02 por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.
- Devolver a COVSA, construción, obras e vías, S.A., a fianza de 1.622,97 euros, constituída para responder das obras de mellora do pavimento do camiño do Raviso, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 28.06.02 por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.
- Devolver a COVSA, construción, obras e vías, S.A., a fianza de 2.409,82 euros, constituída para responder das pavimentacións rúa San Paio de Navia, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 20.07.01 por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.
- Devolver a COVSA, construción, obras e vías, S.A., a fianza de 1.020,49 euros, constituída para responder das obras de mellora de pavimentos en San Andrés de Comesaña, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 24.10.02 por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

b) D. PABLO CASAL NUÑEZ. EXPTE. 973/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral do 15.11.05 e de acordo co informe proposta do xefe de negociado do Servizo de Patrimonio do 23.11.05, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a Pablo Casal Núñez, a fianza de 1.140 euros, constituída para responder a solicitude de aval do programa deportes persoas maiores, xa que os servizos se executaron conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

**32(1613).- CORRECCIÓN DE ERRO NA CONCESIÓN DE AXUDAS SOCIO-SANITARIAS CON CARGO AO FONDO SOCIAL. EXPTE. 16115/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do 16 de novembro de 2005 da unidade de Persoal, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, con data 7 de novembro ppdo., adoptou acordo aprobando a concesión de axudas socio-sanitarias aos traballadores municipais con cargo ao Fondo Social.*

*Con data 15 de novembro actual, a Secretaria do dito Fondo Social, remite escrito á Unidade de Persoal, indicando que na relación de axudas para o grupo E, existe un erro consistente na omisión dunha funcionaria, que aínda que figura no listado con unha cantidade de 210,00 €, non se atopa incluída na suma final do mesmo, polo que procede a súa corrección e, en consecuencia, o abono á D<sup>a</sup> Josefa Abad Escobar, co núm. de persoal 22898, da cantidade de 210,00 € como axuda socio-sanitaria.*

*A Intervención Xeral informa favorablemente a corrección do erro.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local acorda corrixir o devandito erro e en consecuencia que se abone a D<sup>a</sup> Josefa Abad Escobar, co núm. de persoal 22898, a contía de 210,00 € en concepto de axuda socio-sanitaria.

### **33(1614).-PROPOSTA DE CONTRATACIÓN LABORAL-TEMPORAL, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE OITO AUXILIARES ADMINISTRATIVOS DURANTE UN PERÍODO DE TRES MESES. EXPTE. 16123/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención municipal, do 23.11.05 e dáse conta do informe-proposta do 21.11.05, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

#### *Antecedentes.*

*Con data 21 de outono de 2005, a Directora de Ingresos, coa conformidade do concelleiro-delegado de Facenda, solicita a urxente adscripción de cinco auxiliares administrativos coa finalidade de poder cumprir as previsións das partidas tributarias do presuposto de ingresos.*

*Asi mesmo, con data 18 de outubro anterior, o xefe da área de acción social puxo en coñecemento da Unidade de Persoal a necesidade de reforzar o Servicio de Benestar Social, coa adscripción de dous auxiliares administrativos, xa que na actualidade, atópanse de baixa por I.T., dous auxiliares adscritos ó seu servicio, e ó obxecto de non incrementar aún mais o retraso na tramitación dos expedientes*

*Con data 14 de setembro de 2005, o Xefe de Participación e Atención cidadá, coa conformidade da delegada do Goberno da referida área, solicita a adscripción dun auxiliar administrativo, coa finalidade de manter un servizo de atención ó público correcto na oficina de información presencial, ata a incorporación do persoal que se atopa en situación de excedencia.*

*O Director de Asesoría Xurídica, en reiteradas ocasións, solicita o reforzo de persoal administrativo, xa que na actualidade atópanse de baixa médica, por un lado a xefa do negociado e, por outro, a única auxiliar administrativa coa que conta o Servicio, ésta última por baixa maternal e contar unicamente cunha administrativa*

*provisional procedente doutro Servicio municipal, significando tamén a existencia dunha vacante incluída na vindeira oferta de emprego público.*

*Así mesmo, o Xefe da área de mobilidade e seguridade, a través de escrito de 10 de outubro de 2005, solicita, entre outros, o reforzo de persoal administrativo, contar con tres baixas, unha delas o ser declarada a súa titular en situación de invalidez absoluta, outra delas en situación de baixa médica de forma sistemática e contar con outra liberada sindical.*

*Con data 9 de setembro de 2005, a Xefa do Servicio de Educación, solicita a adscripción dunha auxiliar administrativo, para garantir o normal funcionamento do Servicio.*

*Ademais das peticións anteriormente sinaladas, engadase as realizadas polo Xefe de negociado de Contratación, co conforme do xefe da área e do concelleiro-delegado correspondente, na que se solicita a urxente contratación dun/dunha auxiliar para dito negociado.*

*As Concellerías de Turismo e Distritos solicitaron reiteradamente a cobertura das súas prazas vacantes de administrativos.*

*A Xefatura de Persoal expresou reiteradamente a necesidade de persoal administrativo para a realización das tarefas propias deste departamento e mais dende a incorporación da Técnica de Prevención a esta Unidade.*

*A oficina de Réxistro Xeral con motivo da finalización do contrato da auxiliar administrativa adscrita a dito servicio, solicita se cubra dita plaza.*

*Por último a Alcaldía solicita unha auxiliar administrativa para posibilitar a tramitación dos expedientes administrativos de dicho servicio antes do cierre do actual exercicio*

*Nas bases da derradeira oferta de emprego público correspondente ó ano 2002 (BOP de 5 de maio de 2003), recentemente executada, preveíase expresamente na Base xeral “outras disposicións comúns”, a posibilidade de confeccionar unha lista de substitucións cos aspirantes que, non superando a oposición, tivesen aprobado os distintos exercicios de que constou aquela.*

*Por resolución da Alcaldía-Presidencia, de data 12 de febreiro de 2004, en execución do acordo da Xunta de Goberno Local, de 9 de febreiro anterior, resolveuse o nomeamento interino de sete auxiliares de administración xeral, polo que neste intre a referida lista atópase esgotada.*

*Consecuentemente, resultou preciso artellar un proceso de cubrición áxil que permitise, coa debida urxencia, a formalización das contratacións laborais propostas, polo que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 12 de setembro de 2005, autorizou o pertinente proceso selectivo para proceder á contratación de tres auxiliares administrativos, por acumulación de tarefas, que unha vez seleccionados pola correspondente comisión de valoración, foron contratados por resolución da alcaldía-presidencia de 19 de outubro ppdo. e con efectos do día 20 seguinte.*

*Na acta de data 14 de outubro de 2005, da comisión de valoración encargada da selección de tres auxiliares administrativos antes mencionada, figuran D. Enrique Camilo Cortés de Bautista, NIF 36.164.194-Y, D<sup>a</sup>. Eva Cuadrado González, NIF 36129.255-G, D<sup>a</sup>. Vanesa Vila Pereira, NIF 36.145.833-E, D<sup>a</sup>. Benilde Bilbao Echegaray, NIF36.040.314-G, D. Francisco Herrera Fraile, NIF 36.034.881-E, D<sup>a</sup>. Natalia Souto Lorenzo, NIF 36.070.964-H, D. Carolina Alvarez Gómez, NIF 36.17.218-V e D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Begoña Linayo González, NIF 36.123.487-*

D, aspirantes que superaron a proba de que constou a contratación e que obtiveron os postos números 4º ó 11º, respectivamente.

*Fundamentos legais.*

De conformidade co disposto no artigo 9.2 da lei 4/88, de 26 de maio da Función pública de Galicia, a selección de persoal laboral efectuarase de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso ou concurso-oposición libre.

Nembargantes, e consonte ó parágrafo 3º do mesmo artigo poderase tamén contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente, para a realización de traballos de carácter temporal e coxuntural por razóns de necesidade ou urxencia, debidamente motivadas.

Ó aveiro do disposto no artigo 35 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se establece o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do estado, de aplicación supletoria para o persoal da Administración local (artigo 1.3), poderáse proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo.

O procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha regulamentación legal específica, non séndolle de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refiren exclusivamente á cubrición de postos reservados ó persoal laboral fixo de novo ingreso, esto e, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública), e que deben formar parte da oferta de emprego público.

Nembargantes, o procedemento selectivo que ós efectos oportunos se aprobe polo órgano de contratación deberá ser respetuoso en todo caso cos principios de mérito e capacidade, tal e como dispón o artigo 35 do RD 364/95 .

Por esta razón, o artigo 249.1 da lei autonómica 5/97, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, prevé que o proceso selectivo do persoal laboral será con carácter xeral o concurso, excepto nos casos de urxencia.

Así mesmo, lei 56/03, de 16 de decembro, de emprego, configura ós servizos autonómicos de emprego, como un servizo público e gratuito, que terá como funcións, axudar ós traballadores ó encontro de emprego e ás empresas á contratación dos mesmos, todo elo a través dunha selección obxectiva daqueles candidatos que figuren inscritos no rexistro de ofertas de emprego.

A modalidade contractual que se considera oportuno elixir -contrato por acumulación de tarefas-, esta definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro), e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

Enténdese, por outra banda, amparada ésta contratación ó aveiro do disposto no artigo 20.2 da lei 2/2004, de 29 de decembro, de presupostos xerais do Estado para o ano 2005, xa que se trata de cubrir unha necesidade urxente nun servizo de recepción obrigatoria como a que nos ocupa.

Por todo iso, a funcionaria que subscribe propón á Xunta de Goberno Local dicte a seguinte proposta de Resolución:

"Primeiro.- Que pola alcaldía-presidencia se proceda á formalización dos correspondentes contratos como auxiliares administrativos/as por un período de tres meses (do 1 de decembro de 2005 ó 28 de

febreiro de 2006) a D. Enrique Camilo Cortés de Bautista, NIF 36.164.194-Y, D<sup>a</sup>. Eva Cuadrado González, NIF 36129.255-G, D<sup>a</sup>. Vanesa Vila Pereira, NIF 36.145.833-E, D<sup>a</sup>. Benilde Bilbao Echegaray, NIF36.040.314-G, D. Francisco Herrera Fraile, NIF 36.034.881-E, D<sup>a</sup>. Natalia Souto Lorenzo, NIF 36.070.964-H, D. Carolina Alvarez Gómez, NIF 36.17.218-V e D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Begoña Linayo González, NIF 36.123.487-D, aspirantes que superaron a proba de que constou a contratación e que obtiveron os postos números 4º ó 11º respectivamente, baixo a modalidade contractual –contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do Rd 2720/1998, do 18 de decembro), e o seu prazo contractual establécese, como máximo, en seis meses.

Segundo.- O referido persoal prestará os servicios propios da súa categoría profesional nos diferentes servicios municipais demantantes das contratacións propostas e percibirá as retribucións correspondentes ó posto cód. 140-auxiliares administrativos.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **34(1615).-SOLICITUDE DE D. ANTÓN BOUZAS ALVAREZ DE AUTORIZACIÓN PARA A ASISTENCIA AO CURSO “FORMACIÓN SOBRE HABILIDADES EN SAÚDE MENTAL PARA PROFESIONAIS DOS CENTROS ASISTENCIAIS DE DROGODEPENDENCIAS DO PLAN GALICIA SOBRE DROGAS” EN SANTIAGO DE COMPOSTELA. EXPTE. 792/315.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Unidade de Persoal e o informe-proposta do xefe da Unidade Asistencial de Drogodependencias CEDRO, do 15.11.05, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autorizar a asistencia de D. Antón Bouzas Alvarez ao curso denominado formación sobre habilidades en saúde mental para profesionais dos centros asistenciais de drogodependencias do plan de Galicia sobre drogas que terá lugar en Santiago de Compostela os días 18,19,25 y 26 de Noviembre de 2005.

2º.- Aprobar o gasto total de 73,32€ con cargo á partida 4123.230.01.00 (73,32 €).

3º.- Aprobar o pago de 73,32€ que se librarán mediante nota de gastos a nome de Antón Bouzas Alvarez, DNI 35282815N , de acordo coa seguinte distribución: con cargo á partida 4123.230.01.00 73,32 €

### **35(1616).-SOLICITUDE DE D<sup>a</sup>. DOLORES FERNÁNDEZ BESADA DE AUTORIZACIÓN PARA A ASISTENCIA AO CURSO “FORMACIÓN SOBRE HABILIDADES EN SAÚDE MENTAL PARA PROFESIONAIS DOS CENTROS ASISTENCIAIS DE DROGODEPENDENCIAS DO PLAN GALICIA SOBRE DROGAS” EN SANTIAGO DE COMPOSTELA. EXPTE. 791/315.**



Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Unidade de Persoal e o informe-proposta do xefe da Unidade Asistencial de Drogodependencias CEDRO, do 15.11.05, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autorizar a asistencia de D<sup>a</sup> María Dolores Fernández Besada ao curso denominado formación sobre habilidades en saúde mental para profesionais dos centros asistenciais de drogodependencias do plan de Galicia sobre drogas que tera lugar en Santiago de Compostela os días 18,19,25 y 26 de Noviembre de 2005.

2º.- Aprobar o gasto total de 259,56€ con cargo ás partidas 4123.231.00.00 (186,24€) e 4123.230.01.00 (73,32 €).

3º.- Aprobar o pago de 259,56€ que se libran mediante nota de gastos a nome de Maria Dolores Fernández Besada.DNI 36020726N , de acordo coa seguinte distribución :

Con cargo á partida 4123.231.00.00	186,24 €
Con cargo á partida 4123.230.01.00	73,32 €

### **36(1617).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN UA 3 CHANTADA. EXPTE. 4618/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 14.11.05, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES

1º.- *No vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado definitivamente no 29/04/1993 (PXOU-93) delimitouse a "U.A. 3 Chantada" cunha clasificación de solo urbano, remitida a planeamento secundario e posterior execución polo sistema de compensación.*

*No 12/08/1997 o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente o Estudio de Detalle dese polígono (expte. 3765/411). No 16/01/1998 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente os Estatutos e Bases de Actuación (BOP núm. 81, do 30/04/1998). No 11/06/1998 constituíse a Xunta de Compensación mediante Escritura Pública outorgada perante o notario D. Álvaro Lorenzo-Fariña Domínguez co núm. 1220 do seu protocolo. Dita constitución foi aprobada polo Consello da Xerencia en sesión do 10/07/1998 e inscrita no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras da CPTOVP da Xunta de Galicia mediante Resolución do 07/10/1998.*

2º.- *En data 20/03/2003 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente o proxecto de expropiación por taxación conxunta das fincas non incorporadas á Xunta de Compensación (expte. 148/413). No mes de febreiro de 2004 outorgáronse as actas de pago e ocupación dos predios expropiados. Asemade, con motivo da execución anticipada do vial de Castrelos á Universidade de Vigo expropiáronse no ano 1997 varias fincas do devandito polígono.*

3º.- No día 27/09/2004 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente un Plan Especial de Reforma Interior sobre este mesmo polígono (expte. 8425/411). As súas normas e ordenanzas publicáronse no BOP núm. 202, do 19/10/2004.

4º.- En data 23/08/2005 o presidente da Xunta de Compensación (XC) presentou na Xerencia de Urbanismo solicitude de aprobación do correspondente Proxecto de Compensación. Entre a documentación aportada con ese escrito consta un Acta outorgada no 12/08/2005 polo notario de Vigo D. José María Rueda Pérez co núm. 678 do seu protocolo acreditativa da aprobación do proxecto de compensación nesa mesma data en asemblea xeral da XC co voto favorable do 94,25% das cotas de participación.

5º.- En data 07/09/2005 o arquitecto técnico municipal emitiu un Informe no que entrou outros extremos fixo constar que: "(...) O Proxecto de Compensación abrangue unha superficie de 30.606 m<sup>2</sup>, dispoñendo dunha edificabilidade de 29.746,96 m<sup>2</sup> construídos, a situar en 8 cuarteiróns con ordenanza 1.1.B de vivenda de uso colectivo. O aproveitamento é de 0,972 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>. A superficie destinada a parcelas edificables é de 9.999,54 m<sup>2</sup>, sendo a superficie destinada a cesión de 19.968 m<sup>2</sup>, das cales destínase a zonas verdes 3.522 m<sup>2</sup>, a viario de nova apertura e ampliación do existente 14.047,3 m<sup>2</sup> e a equipamento 2.398,7 m<sup>2</sup>. A edificabilidade correspondente ó Concello pola cesión do 10% do aproveitamento e pola edificabilidade que lle corresponde como titular da finca núm. 60 é de 4.309,83 m<sup>2</sup> construídos, e emprázase na parcela núm. 8".

No 08/09/2005 o técnico de administración xeral emitiu un Informe xurídico ó respecto. A continuación abríuse un trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles, mediante publicación de anuncio no BOP núm. 190, do 03/10/2005 e notificación individualizada ós propietarios e titulares de dereitos no polígono.

6º.- No día 29/09/2005 compareceron na Xerencia Municipal de Urbanismo D<sup>a</sup> Carmen Bastero Magdalena; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Milagros Bastero Magdalena; D. Eugenio Bastero Magdalena, e D. Fernando Bastero Magdalena para a reanudación do tracto sucesivo interrompido sobre fincas de orixe no Proxecto de Compensación da UA 3 Chantada, inscritas no Rexistro da Propiedade de Vigo cos núms. 17.504 e 17.505. Aportaron os títulos de propiedade e manifestaron expresamente que non se opoñen a que as devanditas fincas ou as resultantes que se adxudiquen en subrogación das mesmas no proxecto de compensación se inscriban no Rexistro da Propiedade a nome da súa irmá D<sup>a</sup> Carmen Bastero Magdalena e/ou á entidade "Construcciones y Promociones Mario Puentes, S.L.", ós efectos do disposto no art. 9 RD 1093/1997, do 4 de xullo. Mediante oficio do 03/10/2005 notificóuselle unha copia de dita comparecencia ó Ministerio Fiscal, ós oportunos efectos. Os títulos incorporados ó expediente son os seguintes:

- Testamento aberto, outorgado por D. Eugenio Bastero Libreiro no 04/11/1980 perante o notario de Vigo D. Alberto Casal Rivas co núm. 4173 do seu protocolo.

- Testamento aberto, outorgado por D<sup>a</sup> Milagros Magdalena Silveira no 04/11/1980 perante o notario de Vigo D. Alberto Casal Rivas co núm. 4174 do seu protocolo.

- Certificados de defunción e de últimas vontades de ambos causantes.

- Inventario e caderno particional de data 10/11/1994 dos bens de ambos causantes, con recibo de pago do Imposto de Sucesións na Xunta de Galicia.

- Copia das inscricións rexistradas das fincas 17.504 e 17.505.

7º.- Durante o devandito período de información pública só se presentou un único escrito de alegacións, subscrito pola entidade mercantil "Construcciones y Promociones Mario Puentes SL", no que comunicaba a súa adquisición de once doceavas partes da parcela orixinaria núm. "6" do Proxecto de Compensación, e solicitaba a súa actualización. Achegou a tal efecto copia do título da compravenda.

Remitiuse unha copia de dito escrito á Xunta de Compensación, que procedeu a respostalo con outro presentado na Xerencia de Urbanismo no 09/11/2005. Nél infórmase favorablemente a devandita alegación e se achegan as páxinas e cadros do Proxecto de Compensación rectificadas como consecuencia da súa estimación.

*En data 11/11/2005 o arquitecto técnico municipal emitiu un Informe ó respecto. A estimación desta alegación só implica a rectificación das titularidades da parcela inicial "6" e da resultante "4".*

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

*I.- Este procedemento tramitouse de conformidade co disposto nos arts. 157.3 e 117 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA), modificados por Lei 15/2004, do 29 de decembro.*

*II.- Os propietarios do polígono asumirán o custe de conservación das novas zonas verdes, tal e como se esixe no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana do 29 de abril de 1993 (PXOU-93). Dita obriga figura como carga real na descripción das parcelas resultantes do proxecto de compensación.*

*III.- O aproveitamento urbanístico adxudicado ó Concello de Vigo integrarase no Patrimonio Municipal do Solo, quedando afecto ós fins establecidos no art. 177 LOUGA.*

*IV.- O Concello de Vigo non participará nos custes de urbanización do polígono por razón do solo recibido por atribución legal, tal e como dispoñe o art. 20.1.c) LOUGA.*

*V.- Cumpriéronse os trámites regulados no art. 9 RD 1093/1997, do 4 de xullo, para a reanudación do tracto sucesivo das fincas rexistras 17.504 e 17.505, tal e como se expuso no antecedente "6" deste Acordo.*

*VI.- Procede estima-la alegación formulada pola entidade mercantil "Construcciones y Promociones Mario Puentes SL", no senso de considerala titular de 11/12 da parcela primitiva "6", coa conseguinte rectificación das titularidades da parcela resultante "4", de acordo cos títulos aportados e do Informe da Xunta de Compensación presentado no 09/11/2005.*

*VII.- É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127 Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LBRL).*

*En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O:*

*PRIMEIRO: Estima-la alegación formulada pola entidade mercantil "Construcciones y Promociones Mario Puentes SL" no procedemento de referencia, no senso de considerala titular de 11/12 da parcela primitiva "6", coa conseguinte rectificación das titularidades da parcela resultante "4".*

*SEGUNDO: Aprobar definitivamente o Proxecto de Compensación da UA 3 Chantada (Castrelos), que fora aprobado inicialmente pola Xunta de Compensación dese polígono na súa asemblea do 12/08/2005, coa rectificación que se deriva da estimación da alegación citada no aptdo. anterior deste Acordo (expte. 4618/401).*

*TERCEIRO: Considerar reanudado o tracto sucesivo das fincas rexistras 17.504 e 17.505, de conformidade co disposto no art. 9 RD 1093/1997, do 4 de xullo, e co sinalado no antecedente "6" da parte expositiva deste Acordo.*

*CUARTO: A Xunta de Compensación deberá pagar ou consignar as indemnizacións previstas no Proxecto de Compensación no prazo máximo de 6 meses. Tamén deberá inscribir o Proxecto de Compensación no Rexistro da Propiedade e achegar a esta Administración municipal unha copia do mesmo coa referencia rexistral das fincas resultantes inscritas de titularidade municipal.*

*QUINTO: Notifíquese este Acordo ós propietarios do polígono, alegantes, xunta de compensación e*

demáis interesados, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Notifíqueselle tamén á oficina municipal de patrimonio para que inscriba no rexistro de bens as parcelas adxudicadas ó Concello.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **37(1618).-DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE GRUAS RAMA S.A. CONSTITUÍDA POR PERMISO DE CIRCULACIÓN CON CAMIÓN PARA MONTAR UN GUINDASTRE NO CAMIÑO POUSA,3. EXPTE. 46855/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 15.11.05, conformado polo concelleiro-delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

*Con data 29 de xuño de 2005 GRUAS RAMA, S.A., solicita autorización para o montaxe de grúa torre no solar ubicado no Camiño Pousa, 3 expediente 29296/422. Na mesma data a Policía Local remite oficio con núm. de expediente 5627/2005 onde nos solicitan informe, previo a concesión da autorización do permiso de circulación con camiós o Camiño Pousa, 3.*

*Informado na mesma data, indícase que non existe inconveniente en acceder o solicitado, condicionando o mesmo ó depósito dunha fianza de (3.000 €), tres mil euros, polos danos que se poideran ocasionar o patrimonio municipal, fianza que foi depositada na Tesourería municipal, con núm. de operación 200500030398 de data 30 de xuño de 2005.*

*Solicitada a devolución da fianza con data de entrada no rexistro xeral 14 de outubro de 2005 e número de documento 50171752, procedeuse a facer unha visita de inspección con data 08 de novembro de 2005 e comprobouse que a vía pública e o pavimento quedou en perfectas condicións.*

*Polo que se PROPON:*

*Proceder á devolución da fianza de (3.000 € – tres mil euros), a favor de GRUAS RAMA, S.A.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local acorda á devolución da fianza de 3.000 euros, a GRUAS RAMA, S. A. de conformidade co exposto no precedente informe.

### **38(1619).-DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DO GRUPO DAJADA S.L. CONSTITUÍDA POR PERMISO DE CIRCULACIÓN DE CAMIÓN POR OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO NA RÚA EXTREMADURA 15-17. EXPTE. 46857/05.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 17.11.05, conformado polo concelleiro-delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

*Con data 25 de marzo de 2004 e con número de documento 40030720 solicitouse permiso de circulación a r/ Extremadura, 15-17 para execución das obras de construción dun edificio, con licencia número 46444/421. Con data 22 de marzo de 2004 a Policía Local remite oficio con núm. de expediente 14265/2004 onde nos solicitan informe, previo a concesión do permiso de circulación. Informado por iste servicio con data 28 de abril de 2004, indicase que non existe inconveniente en acceder o solicitado, debendo condicionar o mesmo, ó depósito dunha fianza de (30.000 € - trinta mil euros), polos danos que se poideran ocasionar o patrimonio municipal, fianza que foi depositada na Tesourería municipal, con núm. de operación 2004000023178 de data 07-05-2004.*

*Solicitada a devolución da fianza con data 14-10-2005 e número de documento 50171614, procedeuse a facer unha visita de inspección con data 10-11-2005 e comprobouse que o pavimento quedou en perfectas condicións.*

*Polo que se PROPON:*

*Proceder á devolución da fianza de (30.000 € – trinta mil euros), a favor de GRUPO DAJADA, S.L.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de 30.000 euros a GRUPO DAJADA, S. L., de conformidade co exposto no precedente informe.

#### **39(1620).-DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE ZAPATOS FUERZA 7 S.L. CONSITUÍDA POLA OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA CUN VALADO NA RÚA PRÍNCIPE, 49-BAIXO. EXPTE. 46858/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 17.11.05, conformado polo concelleiro-delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

*Con data 28 de xullo de 2004, autorizouse a ZAPATOS FUERZA 7, S.L. a ocupación da vía pública cun valado de 9 m2. na r/Principe, 49 - baixo, con número de expediente-41880/250, para obras de reforma local comercial con licencia núm. 50126/421. Constituindo unha fianza de (1.000 € - mil euros), por posibles danos no pavimento, con número de mandamento de ingreso 200400032786 de data 06 de xullo de 2004.*

*Solicitada a devolución da fianza unha vez rematadas as obras, con número de documento 50166658 con data de entrada no rexistro xeral de 30 de setembro de 2005. Remítese a inspección.*

*Na inspección feita con data 07 de novembro de 2005, indicase que o valado foi retirado e a efectos da devolución da fianza o pavimento quedou en perfectas condicións.*

*Polo que se PROPON:*

*Proceder á devolución da fianza de (1.000 € - mil euros), a favor de ZAPATOS FUERZA 7, S.L.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de 1.000 euros, a ZAPATOS FUERZA 7, S. L., de conformidade co exposto no precedente informe.

**40(1621).-DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE CONSTRUCCIONES ALEA S.L. CONSITUÍDA POLA OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA CUN VALADO NA RÚA PRÍNCIPE Nº 5. EXPTE. 46859/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 17.11.05, conformado polo concelleiro-delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

*Con data 14 de marzo de 2000, autorizouse a CONSTRUCCIONES ALEA, S.L. a ocupación da vía pública cun valado de 12 m2. na r/Príncipe, 5 con número de expediente-28844/250, para rehabilitar edificio con número de licencia 35269/421. Constituindo unha fianza de ( 240.000 pts. - 1.442,43 € ), por posibles danos no pavimento, con número de mandamento de ingreso 200000010529 de data 10 de marzo de 2000.*

*Solicitada a devolución da fianza unha vez rematadas as obras, con número de documento 50168144 con data de entrada no rexistro xeral de 05 de outubro de 2005. Remítese a inspección.*

*Na inspección feita con data 07 de novembro de 2005, indícase que o valado foi retirado e a efectos da devolución da fianza o pavimento quedou en perfectas condicións.*

*Polo que se PROPON:*

*Proceder á devolución da fianza de (240.000 ptas. – 1442,43 €), a favor de CONSTRUCCIONES ALEA, S.L.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de 1.442,43 euros, a CONSTRUCCIONES ALEA, S.L., de conformidade co exposto no precedente informe.

**41(1622).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR SUBHASTA DO PROXECTO DE ARRANXO DE DEFICIENCIAS NA PISTA DE SAN XOAN DO MONTE-SAN XOAN POULO. EXPTE. 5765/333.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o proxecto para arranxo de deficiencias na pista de San Xoan do Monte-San Xoan Poulo, redactado polo arquitecto D. Santiago González García, o prego de cláusulas administrativas para dita contratación, asinado polo xefe de negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 25.11.05, e conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos; visto o informe xurídico de 25.11.05 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 25.11.05, conformado pola concelleira de Deportes, o xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de execución das obras de arranxo de deficiencias na pista de San Xoan do Monte-San Xoan Poulo, redactado polo arquitecto D. Santiago González García.

2º.- Autorizar o gasto de 73.147,31 euros para a execución do proxecto de arranxo de deficiencias na pista de San Xoan do Monte-San Xoan Poulo que estan consignados na partida 4521.212..00.03 do presuposto do ano 2005.

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas para a contratación por subhasta aberta das obras de de arranxo de deficiencias na pista de San Xoan do Monte-San Xoan Poulo.

4º.- Convocar a subhasta para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente pola tramitación de urxencia.

**42(1623).- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DURANTE O ANO 2005. EXPTE. 5132/333.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 22.11.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar as seguintes subvencións, as seguintes entidades polos eventos organizados:

<i>ENTIDADE</i>	<i>EVENTO</i>	<i>CIF</i>	<i>IMPORTE</i>
ATLETISMO S.MIGUEL OIA	TROFEO CAMPO A TRAVÉS	G-36645018	1.000 €
ATLETISMO DELEG	S.XOÁN/SERIE MUN/NADAL/CV	G-15103500	12.000 €
COMESAÑA SPORTING CLUB	MEMORIAL BELARMINO	G-36645257	3.220 €
AUTOMÓBIL SURCO	RALIE CONDADO	G-36395788	3.000 €
BALONCESTO SEIS DO NADAL	T. INT. MINIBASKET/CAMPUS	G-36942142	600 €
C.BC. AREA METROPOLITANA	CV BC MASCULINO/CAMPUS	G-36825347	6.000 €
BALONCESTO OLIVICO	TORNEO NAVIDAD	G-36874014	300 €
BALONMÁN LAVADORES	CPTO. GALEGO CADETE	G-36810075	300 €
CLUB OCTAVIO	TORNEO CIDADE DE VIGO	G-36907384	300 €
BOWLING CELTA	IX TORNEO BOLOS CV	G-36685345	2.300 €
CICLISMO TEIS	GP CICLISTA TEIS	G-36754323	1.030 €
F.G. CICLISMO	CPTO GALICIA ELITE/VOLTA GAL	G-36644870	20.000 €
CC RÍA DE VIGO	TROFEO C DE VIGO	G-36745107	1.500 €
MEIXOEIRO CC	G.G.MEIXOEIRO/FESTAS DE VIGO	G-36720951	2.000 €
F.PROV.GRUPOS EMPRESA	TORNEO AUT./TROFEO CV	G-36851400	1.000 €

ESPELEO CLUB ARÁDELAS	CPTO ESPELO	G-36642247	300 €
EL OLIVO	II CAMPUS FÚTBOL	G-36704666	3.000 €
CORUXO FC	FASE ASCENSO	G-36708212	600 €
CVC VALLADARES	S.CAMPIO	G-36617082	600 €
AG.DEP. VIGO	FÚTBOL 7	B-36651123	3.000 €
FÚTBOL SALA FED.	CV DE FÚTBOL SALA	G-15125206	3.500 €
FÚTBOL FED DE PEÑAS	CONCENTRACIÓN	G-36190668	12.000 €
CD SAN XOÁN FSB	TORNEO S.XOÁN	G-36810315	800 €
C.D.VIGO FS	CAMPUS VERANO/TORNEO NADAL	G-36935229	3.000 €
JUDO FEDERACIÓN	CV DE JUDO	G-15109267	4.000 €
JUDO ASOC FAMU	FESTA INFANTIL JUDO	G-36681633	6.000 €
LOITA S.IGNACIO	25 ANIVERSARIO CLUB	G-36708303	300 €
MONTAÑEIROS CELTAS	TRAV.RÍA DE VIGO/ESCALADA	G-36637890	450 €
FG MOTONÁUTICA	CPTO. ESPAÑA	G-36663664	6.000 €
PATINAXE CASTRELOS	COPA FEDERACIÓN PROV	G-36811974	350 €
CARPA	CPTO.GALEGO/CPTO.PROVIN CIAL	G-36645091	1.000 €
VALLADARES PATINAXE	CPTO PATINAXE ARTÍSTICO	G-36765733	550 €
PELOTA VIGUÉS CD	TROFEO CV PELOTA	G-36852820	300 €
PETANCA XESTAS	TORNEO INT. PETANCA /TORNEO CV	G-36628543	3.000 €
PETANCA CRISTO VICTORIA	ENCONTRO NACIONAL PETANCA	G-36622793	2.500 €
PETANCA ENSINO	ENCONTRO PETANCA CONCELLO	G-36798866	3.500 €
REMO CORUXO	VBANDEIRA CORUXO/INC.REMO	G-36726750	1.400 €
SKATE PRADO SURF	CPTO.BIG WAVES DAY	G-36850014	5.000 €
TAICHI	TAICHI NA RÚA	G-36336170	600 €
TENIS F.G.	CPTO DE VIGO DE TENIS	G-15102767	3.000 €
TENIS F.G.	TORNEO INT. TENIS	G-15102767	9.000 €
TRIATLON VIGO	DUATL RECONQUISTA/TRIATLON	G-36705101	600 €
AD KIAP	TAEKWONDO/CAPOEIRA	G-36788594	300 €
XOGARA	DEPORTE PARA TODOS	G-36655033	1.200 €
SDC MARCOTE	VARIOS	G-36658052	300 €
VELA PLAYA DEL BAO	REGATA CATAMARÁNS	G-36929446	6.000 €
R.C.NÁUTICO	SEM.ATLÁNTICO/OUTROS	G-36612752	14.000 €
VOLEIBOL XUVENIL TEIS	CPTO.XUVENIL/COPA GALICIA	G-36713493	1.000 €
VOLEIBOL CLUB VIGO	CV DE VOLEIBOL	G-36658219	600 €



XADREZ DOCTOR FLEMING	II TORNEO XADREZ	G-36893782	200 €
CORUXO PATINAXE	Cpto. P. Patinaxe infantil-alevin	G-36131135	300 €

Por un importe total de 152.800€ con cargo á partida 4521.489.00.01

2.- Se rexeitan as seguintes solicitudes polos seguintes motivos:

GALIEXPO TUNING,S.L.	NON É UN EVENTO
COLOMBOFILIA VIGUESA	<del>DEPORTIVO</del> EVENTO
VETERANOS DE TEIS CF	<del>DEPORTIVO</del> <del>EN</del> COMPETICIÓN
TOUR AUTO	<del>DEPORTIVO</del> <del>NON</del> SE CELEBRA
XIMNASIO CLUB SIMÓN	<del>DEPORTIVO</del> CELEBRADA
F.G. DE LOITA	PROBA NON CELEBRADA
OS MUÍÑOS PETANCA	TROFEOS
SQUASH COLISEUM	TROFEOS
ASPANAEX	TROFEOS
REMO VIRXE DA GUIA	FORA DE PRAZO
ATLETISMO CELTA FEMININO	FORA DE PRAZO
MONTAÑA ALUD	FORA DE PRAZO
C.D.BOSCO	FORA DE PRAZO
ACT	TRAMITADO POR CONVENIO
CLUB DE CAMPO	TRAMITADO POR CONVENIO
XIMNASIO FLORIDA GIM	EMPRESA CON ANIMO DE
C.D.GALEGO KIN BALL	<del>NON</del> SE CELEBRA EN VIGO

**43(1624).-COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DE SERVIZOS PRESTADOS POLO PERSOAL DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS DURANTE O MES DE OUTUBRO DE 2005. EXPTE. 16111/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 24.11.05, e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 15.03.05, conformado pola Excm. Alcaldesa, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade de servizos prestados polo persoal do servizo de Vías e Obras, aboarase os traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don Juan Carlos González Landesa e remata por don José Alonso Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de OUTUBRO-2005, e que

ascenden a un total de 87'10 € (OITENTA E SETE EUROS CON DEZ CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

**44(1625).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL, CORRESPONDENTES AOS MESES DE XUÑO E OUTUBRO DE 2005. EXPTE. 16112/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 24.11.05, e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 24.03.05, conformado pola Excma. Alcaldesa, a Xunta de Goberno local acorda:

“Asignar unha gratificación por servicios especiais e extraordinarios correspondentes os meses de XUÑO e OUTUBRO-2005, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servicios que a continuación se indican:

- Servizo de Extinción de Incendios, relacións que se achegas no expediente e que comezan por don Carlos Abreu Torres, Francisco J. e remata por don Rubén Veiga García, por un total de 1.274 horas.
- Montes, Parques e Xardíns, relacións que se achegan no expediente e que comezan por don Alfonso Alonso Rodríguez e remata por don José Luis Vidal Alvarez, por un total e 780'00 horas.
- Policia Local, relacións que se achegan no expediente e que comeza por don Constante Alonso Caride e rematan por don Manuel Vieitez Vieitez, por un total de 1.553'30 horas.
- Parque Móbil, relación que se achega no expediente e que comeza por don Miguel Angel Alonso Alonso e remata por don Alfonso Rodríguez Carrera, por un total de 1.543'20 horas.
- Xerencia do Parque Central, relación que se achega no expediente e comeza por don Guillermo Abelleira Porrua e remata por don Bernardo Rodríguez Leston, por un total de 67'00 horas.
- Vias e Obras, relacións que se achegan no expediente e que comeza por don José Luis Amoedo Cabaleiro e remata por don José Manuel Martínez González, por un total de 185'00 horas.
- Inspección Vias e Obras, relación que se achega no expediente e que comeza por don Benito Barciela Simón e remata por don Benigno Salgueiro Piñeiro, por un total de 303'00 horas.

- Oficina Supervisora de Proxectos e Inpección de Obras, relación que se achega no expediente e que comeza por don José Eugenio Matilde Viñas e remata por Don Angel Ferro Macho, por un total de 170'00.
- Desinfección, relación que se achega no expediente e que comeza por don Ricardo González Arzua e remata por don José Manuel Sousa Atrio, por un total de 324'00 horas.
- Conserxería, relación que se achega no expediente de don Francisco Martínez Muñoz, por un total de 80'00 horas.
- Alcaldía, relacións que se achegan no expediente e que comeza por don Basilio Costas Fernández e remata por don Cesareo Rocha Paramés, por un total de 597'30 horas.
- Relacións Públicas, relacións que se achegan no expediente e que comezan por don Jesús Castro Naveiras e rematan por dona Mercedes Rivero Troncoso, por un total de 34'30 horas.
- Museo, relacións que se achegan no expediente de don José Manuel Ogando López, por un total de 20'45 horas.
- O montante do presente expediente ascende a un total de 51.337'01 € (CINCOENTA E UNHA MIL TRESCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON UN CÉNTIMO).

**45(1626).- PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO POLO TRABALLO DESENVOLTO NO TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA E PRESENTACIÓN DE ALEGACIÓNS AO PXOM. EXPTE. 1453/407.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe dos Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 23.11.05, conformado polo xerente e o vicepresidente da Xerencia municipal de Urbanismo e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*Despois da aprobación inicial polo Pleno da Corporación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo o 30 de decembro de 2004, o Consello Sectorial de Urbanismo celebrado no mes de xaneiro determinou o alcance do trámite de información pública do documento.*

*Como consecuencia do acordo do Consello Sectorial e dados os relevantes cambios introducidos respecto o Plan Xeral vixente do ano 93 decidiuse que este trámite se realizase con toda a extensión posible nun dobre sentido:*

- 1) *No aspecto temporal, polo prazo máximo establecido polo artigo 85.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia: dous meses.*

- 2) En canto os medios utilizados, tanto materiais como persoais, que permitise unha completa divulgación e un exhaustivo coñecemento polos cidadáns do documento do Plan Xeral inicialmente aprobado.

Os medios persoais empregados durante o trámite de información pública e recepción de alegacións consistiron:

1º) Por unha parte, na contratación dun auxiliar administrativo e cinco arquitectos externos.

2º) Na especial dedicación do persoal propio da Xerencia, que realizou un especial esforzo tanto pola intensidade de traballo como por superar continuamente os horarios de traballo habituais.

Ceñíndonos a este segundo apartado, temos que distinguir dous tipos de traballos realizados:

- a) O traballo desenvolto na oficina desprazada de información e rexistro urbanístico ó edificio municipal da Escola de Artes e Oficios: actividade que se produciu entre o 15 de febreiro e o 15 de abril, de luns a venres en horario de mañán e tarde e os sábados de mañán. As horas realizadas fora de xornada habitual ascenderon a 560,25, co seguinte desglose:

- Amparo Salgado López	184,00.-
- Josefa De Castro Mosquera	203,75.-
- José Ramón Otero Fernández	172,50.-

- b) O traballo realizado por diferente persoal de Urbanismo, especialmente os administrativos, os meses de abril, maio e xuño en relación coa “avalancha” de alegacións recibidas no trámite de información pública (ata un total de 60.700). Este traballo consistió na recepción e rexistro informático dos máis de sesenta mil documentos presentados e na súa ordenación, numeración e fotocopiado para dispor de tres xogos de alegacións: ún cos orixinais para o expediente do PXOM, outro para os técnicos informantes de Urbanismo e outro para o equipo redactor. Neste traballo contouse coa participación de practicamente todo o persoal administrativo da Xerencia, que compatibilizou o seu traballo habitual co especial das alegacións. O persoal da Xerencia adicou a este traballo 910 horas, co seguinte desglose:

Rivas Rodríguez Teresa	69,55
Castro Mosquera Josefa	89,41
González Ramírez Belén	13,75
Martín Herrero Ana	13,42
Cabaleiro Villanueva Begoña	13,25
García Menduiña Isabel	37,47
Búa José M.	14,00
Domínguez Estévez Mónica	7,25
Iglesias Pereira Marta	15,00
Cores Miguens Mª del Carmen	3,00
Quintela Reigada Aurora	17,58
Villamor Alvarez Mª Reyes	8,50
Fernandez Cermeño Julio	37,17

Carballal Requeiro Ana M <sup>a</sup>	9,92
André Lorenzo Teresa	21,26
Salgado López M <sup>a</sup> del Carmen	79,26
Sala Ríos Berta	42,45
Faraldo Ríos M <sup>a</sup> José	43,48
Ballesteros Costas Roberto	25,33
Pérez Rodríguez Carlos	33,58
León Rodríguez M <sup>a</sup> Luisa	61,20
Rodríguez Pequeño Elena	75,77
Veiga Villaverde Beatriz	85,00
Comesaña Fernández Juan José	46,68
Pérez Rodríguez Carlos	43,92

Por todo o exposto, trátase agora de retribuir o especial rendimento, a actividade extraordinaria e o interés e iniciativa co que determinados funcionarios e traballadores desta Xerencia desenvolveron o seu traballo no período de febreiro a xuño deste ano, en relación o trámite de información pública e recepción de alegacións ó Plan Xeral de Ordenación Municipal en trámite de aprobación definitiva.

En consecuencia, e de conformidade co artigo 23 da Lei 30/1984, de medidas para la reforma da Función Pública, proponse o pago ós traballadores anteriormente relacionados dun complemento de produtividade en función desta especial e extraordinaria dedicación.

O importe total para estos traballadores da Xerencia de Urbanismo ascende a 17.640,96 euros e imputaríase á partida 4320.1500000 “Productividade” do orzamento deste Organismo Autónomo. Tendo en conta que o crédito existente na partida de produtividade era insuficiente, con data 4 de novembro de 2005, o Pleno da Corporación acordou a súa ampliación en 65.0000 euros, polo que a cantidade proposta encóntrase dentro de límite marcado polo citado órgano.

En consecuencia co antedito proponse á Xunta de Goberno Local (competente de acordo co artigo 127.1.h) da Lei 7/1985) a adopción do seguinte acordo:

“Aprobar un complemento de produtividade global de 17.640,96 euros, a abonar ós seguintes traballadores da Xerencia Municipal de Urbanismo polos seguintes importes:

NOME	IMPORTE €
Rivas Rodríguez Teresa	834,60
Castro Mosquera Josefa	3.517,92
González Ramírez Belén	165,00
Martín Herrero Ana	161,00
Cabaleiro Villanueva Begoña	159,00
García Menduiña Isabel	449,64
Búa José M.	168,00
Domínguez Estévez Mónica	87,00

<i>Iglesias Pereira Marta</i>	<i>180,00</i>
<i>Cores Miguens Mª del Carmen</i>	<i>36,00</i>
<i>Quintela Reigada Aurora</i>	<i>211,00</i>
<i>Salgado López Amparo</i>	<i>2.239,60</i>
<i>Villamor Alvarez Mª Reyes</i>	<i>102,00</i>
<i>Fernandez Cermeño Julio</i>	<i>446,00</i>
<i>Carballal Requeiro Ana Mª</i>	<i>119,00</i>
<i>André Lorenzo Teresa</i>	<i>255,12</i>
<i>Salgado López Mª del Carmen</i>	<i>951,12</i>
<i>Sala Ríos Berta</i>	<i>509,40</i>
<i>Faraldo Ríos Mª José</i>	<i>521,76</i>
<i>Ballesteros Costas Roberto</i>	<i>304,00</i>
<i>Pérez Rodríguez Carlos</i>	<i>403,00</i>
<i>León Rodríguez Mª Luisa</i>	<i>734,40</i>
<i>Rodríguez Pequeño Elena</i>	<i>909,20</i>
<i>Veiga Villaverde Beatriz</i>	<i>1.020,00</i>
<i>Otero Fernández José Ramón</i>	<i>2.070,00</i>
<i>Comesaña Fernández Juan José</i>	<i>560,16</i>
<i>Pérez Rodríguez Carlos</i>	<i>527,04</i>
<i>TOTAL.....</i>	<i>17.640,96</i>

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **46(1627).-PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO COMO CONSECUENCIA DO PROGRAMA DE MEDIDAS URXENTES PARA AXILIZAR A TRAMITACIÓN DE LICENZAS. EXPTE. 1454/407.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe dos Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 23.11.05, conformado polo xerente e o vicepresidente da Xerencia municipal de Urbanismo e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*O Consello desta Xerencia Mpal. de Urbanismo e o Pleno acordaron nas datas arriba sinaladas:*

*“Aprobar un importe de 100.000 euros, en concepto de productividade a traballadores propios ou adscritos á Xerencia Municipal de Urbanismo, con cargo ó orzamento de 2004 da Xerencia Municipal de Urbanismo. O abono da productividade realizarase en función do número de expedientes tramitados que rebasen a media*

acadada nos últimos anos. A liquidación individual desta retribución extraordinaria será proposta polo xerente en períodos mensuais ou trimestrais e aprobada pola Presidenta ou, no caso de que exista delegación, polo Vicepresidente deste Organismo Autónomo.”

No informe do xerente de 23 de decembro de 2003 determinábase un obxectivo de base para os oito técnicos que informaban licenzas de obra ou actividade: 69 expedientes/trimestre. Tendo en conta os datos referidos ó último trimestre de 2003, que reflecten a millor media trimestral de número de expedientes tramitados dende 2001 (primer ano do que se dispoñen de datos estadísticos), corrixíamos o obxectivo base de 69 a 80 expedientes/trimestre.

En consecuencia, preséntase unha proposta de liquidación de produtividade para oito técnicos desta Xerencia que teñen como principal cometido o de informar solicitudes de licenzas de obras e actividades. No seguinte cuadro se reflecten os datos para a determinación das contías concretas de produtividade a abonar a estos funcionarios:

Nome	nº exptes	mínimo	Exceso	€/expte	TOTAL
Aurelio Adán	138	80	58	30	1.740
David Carvajal	112	80	32	30	960
Ivan Ramos	202	80	122	30	3.660
Mª Jesús Bouso	104	80	24	30	720
María Sobrino	144	80	64	30	1.920
Teresa García	144	80	62	30	1.860
Raquel López	105	80	25	40	1.000
Juan C. Arias	147	80	67	50	3.350
TOTALES	1.096	640	456		15.210

Os datos máis salientables son os seguintes:

1º) O obxectivo base global, tendo en conta a millor media trimestral, era informar 640 expedientes entre o 16 de abril e o 15 de xullo de 2004 (80 expedientes/trimestre por técnico). Acadouose un 71% máis de expedientes tramitados: 1.096 (o exceso que serve para calcular a produtividade é de 456 expedientes).

2º) O importe da produtividade individual determínase multiplicando o número de expedientes que exceden do obxectivo base trimestral (80 expedientes) por 30 euros (50 euros no caso do enxeñeiro técnico industrial, pola especial complexidade dos expedientes informados).

3º) Como consecuencia da aplicación destes datos repártese un total de 15.210 euros entre 8 técnicos; cunha media, por tanto, de 1.900 euros por técnico, pero oscilando entre os 720 € e os 3.660 €.

Este importe global de 15.210 euros imputarase á partida 4320.1500000 do presuposto deste Organismo Autónomo. Tendo en conta que o crédito existente na partida de produtividade era insuficiente, con data 4 de

novembro de 2005, o Pleno da Corporación acordou a súa ampliación en 65.0000 euros, polo que a cantidade proposta encóntrase dentro de límite marcado polo citado órgano.

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local (competente de acordo co artigo 127.1.h) da Lei 7/1985) a adopción do seguinte acordo:

“Abonar en concepto de produtividade, polo período de 16 de abril ó 15 de xullo de 2004, os seguintes importes e a favor dos seguintes funcionarios desta Xerencia Municipal de Urbanismo:

- Aurelio Adán.....1.740 €.-
- David Carvajal.....960 €.-
- Ivan Ramos.....3.660 €.-
- M<sup>a</sup> Jesús Bouso.....720 €.-
- María Sobrino.....1.920 €.-
- Teresa García.....1.860 €.-
- Raquel López.....1.000 €.-
- Juan C. Arias.....3.350 €.-

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **47(1628).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A ELABORACIÓN DO MAPA DE RUÍDOS DE VIGO. EXPTE. 3670/306.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas para a contratación por concurso da asistencia técnica para a elaboración dun mapa de ruídos do Concello de Vigo, do 11.10.05, asinado polo técnico supervisor de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, o prego de cláusulas administrativas para dita contratación, de 16.11.05, asinado polo xefe de negociado do Servizo de Contratación e conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos; visto o informe xurídico de 22.11.05 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 16.11.05, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, o concelleiro delegado de Medio Ambiente e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 120.000 euros para a contratación da asistencia técnica para a elaboración dun mapa de ruídos do concello de Vigo e documentación complementaria que se imputarán á partida 4450.227.06.01 dos presupostos dos anos 2005 (60.000 euros ) e 2006 (60.000 euros).



2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas e técnicas para a contratación da asistencia técnica para a elaboración dun mapa de ruídos do Concello de Vigo e documentación complementaria.

3º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente por procedemento urgente.

**48(1629).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DO ALUMEADO INSTITUCIONAL NAVIDEÑO 2005. EXPTE. 11456/444.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas para a subministración e instalación do alumeado institucional navideño 2005, asinado polo enxeñeiro Industrial municipal, do 16.11.05, o prego de cláusulas administrativas para dita contratación, asinado polo xefe Administrativo de Vías e Obras e o asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, do 17.11.05; visto o informe xurídico do 24.11.05 e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais e o asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, do 18.11.05, conformado polo concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais, polo xefe do Servizo de Electromecánicos e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para o contrato de “ subministro e instalación do alumeado institucional navideño 2005 ” elaborado polo Servizo de Electromecánicos.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas particulares elaborado pola Área de Servizos Xerais para a contratación por procedemento negociado sen publicidade o “ subministro e instalación do alumeado institucional navideño 2005 ”.

3º.- Autorizar o gasto de 499. 999, 89 euros para a contratación do “ subministro e instalación do alumeado institucional navideño 2005 ” con cargo ás partidas 4324.213.00.02 e 6220.213.00.00 do presuposto 2005

4º.- Iniciar o procedemento de negociación por urxencia para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**49(1630).- PROXECTO MODIFICADO Nº 2 PARA A HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DA PRAZA DE COMPOSTELA. EXPTE. 11469/444.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe sobre o proxecto, do enxeñeiro técnico da Oficina de Proxectos e Inspección Técnica de Obras, do 28.11.05 e de acordo co informe-proposta do Sr. Crespo Casal, de 28.11.05, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto modificado nº 2 para a Humanización do entorno da Praza de Compostela por un importe total de 6.541.615,15 € que supón un incremento de 0 € con respecto á aprobación do proxecto modificado nº 1, e un incremento no prazo de execución de 11 días con respecto ao último vixente, o que sitúa o prazo de remate da obra o próximo día 19 de decembro de 2005.

### **50(1631).-OCUPACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS CON MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

A Xunta de Goberno, coa finalidade de impedir a existencia de frecuentes ocupacións de espazos públicos por parte de constructores sen axustarse ás autorizacións que se outorgan, acorda incrementar o control e inspección da ocupación de beirarrúas e demais espazos públicos con materiais de construcción.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás trece horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez